

sarria

Adxudicados 1,2 millóns de euros para melloras na rede viaria e de auga. **Pax. 3**

triacastela

A nogueira do Camiño Vello, vén de ser incluída no Catálogo de árbores senlleiras. **Pax. 14**

láncara

Conveniada coa Deputación a humanización da avenida Benigno Quiroga. **Pax. 15**

samos

O mosteiro samoense recolle a icónica frase de Messi, "Que miras, bobo?". **Pax. 16**

o incio

Aprobado o PXOM por unanimidade nun Pleno extraordinario. **Pax. 16**

Benvido, ano 2023!

A veciñanza organizou moitas e diversas actividades para este Nadal despois de dous anos sen poder celebrar estas festas



Unha persoa con moita tradición e cultura

Xaime Félix Arlindo López Arias é promotor da cultura da comarca de Sarria. **Pax. 6-7**


A Axenda 2030 marca os obxectivos

O Concello de Paradela comeza o ano inmerso en varios proxectos de habitabilidade. **Pax. 18**

A Deputación aproba o Plan Único do 2023

Destinará 21,5 millóns aos concellos para desenvolver distintas actuacións. **Pax. 19**

Museo Paixón Slot



O sarriao Julio Páramo dá a coñecer a súa colección. **Pax. 3**

Premio Fiz Vergara



A XXII edición do Premio de Poesía conta xa con obra gañadora. **Pax. 4**

Volve a Liga de fútbol



Todas as categorías fixeron un descanso durante dúas semanas. **Pax. 23**



ITS LEMOS
C/ Chantada 134, Baixo
27400 Monforte de Lemos (Lugo)


internet | telefonía | televisión
982 093 000
info@its.gal
facebook.com/ITSarria
@its.comunicacions
www.its.gal



ITS SARRIA
C/ Calvo Sotelo 164, Baixo
27600 Sarria (Lugo)

SARRIA

O Concello estrea unha nova sala fitness no centro deportivo



Sarria vén de estrear a sala fitness do seu Centro Deportivo e de Saúde.

Esta apertura, xunto coa da piscina xa no mes de setembro, encádrase no marco de actuacións do Concello de Sarria por mellorar as instalacións do municipio.

Entre as renovacións de maquinaria, atópanse novas máquinas de cardio, cintas, elípticas e bicicletas, pero a sala fitness tamén incorpora

un circuito de tonificación e peso libre.

As veciñas e veciños sarriáns poderán desfrutar dunhas xornadas de portas abertas nas que poderán entrar ás instalacións do centro deportivo e gozar da piscina e do ximnasio actualizados.

Desde as redes sociais do Concello e do centro deportivo fixéronse eco desta nova, que mellora o benestar dos cidadáns desta gran vila.

Alumnado do IES Xograr Afonso Gómez analiza a calidade do aire

A calidade do aire en Sarria é motivo de estudo para os estudantes do IES Xograr Afonso Gómez de Sarria, que están a realizar unha análise mediante a colocación de tubos de mostra polas rúas do Concello.

En colaboración do Concello, alumnos do Proxecto Competencial percorreron distintas zonas de Sarria colocando tubos de mostras en puntos estratéxicos previamente seleccionados.

O estudo, baseado na metodoloxía aprendizaxe-servizo e que tamén forma parte do Club de Ciencia, utiliza unha aplicación móbil de soporte requirindo dun rigoroso protocolo de actuación.

Dentro dun mes, o alumnado recollerá os tubos e pasarase á seguinte fase do estudo que ten por finali-



dade analizar a calidade do aire de Sarria.

DOCUMENTAL. O documental *Fontán. O primeiro rostro de Galicia*, que relata o fito científico e técnico que supuxo a elaboración da Carta Xeométrica de Galiza polo mate-

mático e xeógrafo Domingo Fontán (Portas, 1788 – Cuntis, 1866), estreose nunha decena de centros educativos, entre eles o IES Xograr Afonso Gómez, nun ciclo de proxeccións impulsado pola Deputación de Lugo.

Maite Ferreiro sinalou que “ofrecemos aos centros educativos un recurso que achega ao alumnado a un dos científicos máis relevantes na historia de Galiza, convidando a profundizar e a difundir o fito técnico que supuxo a elaboración da Carta Xeométrica de Galiza e tamén as súas aplicacións”. E destacou “que, ademais de popularizar a obra e a figura de Domingo Fontán, é o obxectivo deste ciclo trasladar ás xeracións máis novas a importancia que ten, en xeral, o coñecemento científico”.

Sarria homenaxea a Elías Valiña Sampedro cun mural de Diego As

Os sarriaos xa poden desfrutar dun mural en homenaxe ao fillo predilecto de Sarria, Elías Valiña Sampedro, que xa se pode ver no edificio dos números 19-21 da rúa Benigno Quiroga.

Este sacerdote e escritor nado na parroquia de Santa María de Lier (Sarria) foi o grande impulsor das peregrinacións a Santiago de Compostela a través de Sarria.

Grazas a el, púidose recuperar



e revitalizar tanto o Camiño de Santiago como o concello. Así conseguiu tamén o recoñecemento de valedor do camiño.

O Concello de Sarria amosou a través das redes sociais a ledicia que é para todos os veciños de Sarria esta obra encargada a Diego Anido, máis coñecido como Diego AS.

Esta composición artística en pintura é un motivo máis para valorizar a vila.



CONCURSO ESCAPARATES. Panadería Pallares foi o comercio gañador do Concurso de Escaparates da campaña de Nadal da Asociación de Comerciantes e Empresarios de Sarria (ACES). Foi o escaparate que máis Me gusta logrou nas redes sociais, cun total de 165 votos, seguido do comercio Calzados Gayoso e o de Trece Tablas.

CARNICERÍA
Noda

TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052

pikolin BULTEX

¡GRAN EXPOSICIÓN!

BULTEX **Epicda** **Sema** **lalloflex** **pikolin**

PILTRAS

TODO PARA EL DESGANSO
¡VEN A PROBARLOS SIN COMPROMISO!

Oferta
895€

- Chaiselongue de 280 cm
- Asientos deslizantes
- Cabezales reclinables
- Chaise con arco
- Telas y colores a elegir

Rúa Calvo Sotelo, 67 y Matias López 85, Sarria.
Telf. 982 876 741

A pista de xeo seguirá aberta

O Concello acolle por segundo ano consecutivo a pista de xeo despois do éxito que supuxo esta instalación o ano pasado, con máis de 2.500 usuarios. A pista de xeo, instalada na praza da Vila de Sarria, foi promovida polo Concello e coa colaboración da Asociación de Comerciantes e Empresarios e estará a disposición dos nenos, nenas e adultos ata máis do día 9 de xaneiro, que en principio ía ser a data de peche, pero prolongárase debido ao atraso en abril.

Así, todos os días entre as 11.00 e as 13.45 horas pola mañá e entre as 17.00 e as 21.15 horas da tarde,



calquera que teña ganas de pasar un tempo de ocio divertido, poderá facelo presentando un ticket de com-

pra en calquera establecemento de Sarria, promovendo así o comercio do municipio, o turismo e as actividades de Nadal.

As sesións na pista de xeo serán de trinta minutos e o Concello recomenda presentarse 10 minutos antes do comezo da sesión para poñerse os patíns e prepararse.

A implantación da pista de xeo foi adxudicada á empresa Emiced Diseño Integral e custoulle ao Concello uns 28.400 euros. Ademais, tamén puxeron ao lado un pequeno tren para os máis pequenos que non poden desfrutar da pista de xeo.

Os gañadores do Tapicheo foron Cubano, Barullo e Dp Cristal

O concurso de tapas Tapicheo 2022 de Sarria xa elixiu os seus tres gañadores mediante a observación e a análise dun xurado profesional, cuxa opinión coincidiu coas dos clientes. O bar Cubano, o Barullo e Dp Cristal, por esta orde, foron os establecementos máis votados polo público. Ana López, Eva Quiroga e Laura Ramos foron as encargadas de tomar a decisión, que acompañadas das concelleiras Geni Valcárcel e Reyes Abella, percorreron na noite do martes os locais finalistas: Cubano, Barullo,

Dp Cristal, pizzería Salento, bar Don Pepe e cafetería Santiago.

A tapa do bar Cubano, 'Saam de pack choi con porco celta ao wok', recibiu o primeiro premio, mentres que o segundo posto foi para 'Por fin xuntos' de Barullo Tapería e o terceiro, para 'Jayuva' de Dp Cristal. Salento quedou en cuarto lugar; Don Pepe, en quinto, e Santiago, sexto.

Os tres establecementos recibirán os seus premios durante a gala da hostalería da comarca, que se adoita celebrar nos primeiros meses do ano.

Adxudicados 1,2 millóns de euros para melloras na rede viaria e de auga de Sarria

O Goberno local de Sarria aprobou nunha sesión extraordinaria e urxente a contratación de obras de ampliación da rede de abastecemento de auga e de mellora da rede viaria cun investimento global de preto de 1,2 millóns de euros.

As obras do abastecemento de auga que beneficiarán a preto de 1.000 veciños serán de 780.000 € e o Goberno local de Sarria contrata tamén a mellora de catro pistas con aglomerado en quente cun investimento de 401.000 euros.

Por unha banda, a empresa Manuel Novoa Castro será a encargada de acometer a ampliación da rede de abastecemento de auga a catro zonas do municipio por un importe de 780.290 euros, beneficiando a cerca dun milleiro de veciños.

Ditas zonas son: Treilán-Betote,

Vilaesteba-A Pena, Santa María de Vilar-A Rañoá-Vilapedre e zona do Mazadoiro-Residencia de Anciáns.

Por outra banda, o Concello adxudicou en 401.000 euros a mellora de catro pistas coa dotación de aglomerado en quente.

Concretamente, a empresa Ovisa acometerá as obras en tres viais: acceso a Barbadelo desde a estrada LU-P-5709 na Serra; acceso a Cedrón desde a estrada LU-P-5713 por Piñeira; e acceso a Vilerma desde a estrada LU-633. A cuarta obra, o acceso a Peruscallo na parroquia de Belante, foi adxudicada á empresa Bascuas.

Finalmente, tamén se contratou a reposición do firme na ponte do Toleiro debido ao mal estado actual. Esta actuación realizárase nos vindeiros días.

O futuro Museo Paixón Slot está nunha exposición piloto no MIHL de Lugo



O Museo Interactivo de Historia de Lugo (MIHL) volve acoller unha exposición piloto de miniaturas de coches de competición que é a antesala do que será o Museo Paixón Motor Slot que o enxeñeiro industrial e empresario Julio Páramo quere abrir en Sarria.

A intención desta exposición, que estará dispoñible no MIHL ata o vindeiro 26 de febreiro, é dar a

coñecer a historia do automóbil de competición, tanto na vertente deportiva como na tecnolóxica, xa que este gran proxecto que Páramo ten en mente está a punto de facerse unha realidade.

No MIHL poderase ver un avance do que será o museo que estará no seu municipio natal, Sarria, Concello que colaborou no proxecto e que apoiou a Julio Páramo.

A pasarela do Toleiro sométese a melloras

A pasarela do Toleiro está cortada debido a que o Concello decidiu comezar as obras para arranxala e mellorada, xa que está deteriorada e con madeiras soltas, o que supón un risco para os cidadáns.

O Concello investirá 42.000 euros para mellorar o pavimento do firme, que contará con dúas fases para as obras.

Segundo indicou o alcalde, Claudio Garrido, a madeira da pasarela será substituída por formigón alixeirado con arlita para evitar que apodrente e que se acumule a humidade e a auga, como pasaba ata o de agora porque non estaba ben executado o saneamento da obra e isto levaba a que a pasarela estivese practicamente intransitable.

Unha vez que melloren as condicións meteorolóxicas, o Concello executará a segunda fase das obras que consistirán en poñer unha capa de resina para que o viaduto teña un acabado similar ao do Malecón. Tamén se eliminarán os chanzos que dan acceso á pasarela desde o paseo e construírse unha rampla.



Audio Sarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398

- Pruébelos SIN COMPROMISO
- Revisións GRATUÍTAS
- Garantía 3 AÑOS

FINANCIACIÓN
hasta 18 meses
sin intereses

AUDÍFONOS SIEMENS




AUDÍFONOS RECARGABLES
...y olvídense de las pilas

C/ Matías López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | Teléfono: 982 531 191 / 669 548 976 | audiosarria@gmail.com

O Goberno local denuncia que Escontrela non presentou a documentación

O goberno local de Sarria solicitará informes xurídicos sobre as presuntas irregularidades cometidas polo concelleiro Benjamín Escontrela ao contratar un detective para investigar a varias traballadoras da Residencia de Anciáns Nosa Señora do Carme, feito polo que foi destituído do seu cargo e que foi denunciado pola CIG.

O novo responsable da residencia, Félix Seijas, salienta que transcorrido o prazo de cinco días concedido desde a alcaldía para que presentase por rexistro a documentación acreditativa da prestación de dito servizo, "nin Benjamín Escontrela ofreceu ningunha explicación sobre a finalidade de ditos contratos coa empresa InvestigaMÁS Detectives nin aportou os informes supostamente elaborados sobre as traballadoras, documentación que tampouco se atopou na residencia".

Pola súa parte, o detective implicado tampouco achegou ningunha documentación, se ben en días pasados contactou telefonicamente coa alcaldía para informar de que fora entregada no seu día a Benjamín Escontrela como contratante do servizo e como persoa responsable da custodia deses informes.

Seijas considera "sorprendente e reveladora" a actitude de Escontrela e advértele de que "se pensa que co seu silencio vai conseguir que se olvide un tema tan grave está moi equivocado, porque este goberno pensa chegar onde faga falta para esclarecer os feitos e que as traballadoras coñezan todo o sucedido".

'Terminalidade' eríxese como obra gañadora do premio Fiz Vergara

A XXII edición do Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño conta xa con obra gañadora, a seleccionada por unanimidade por parte do xurado foi *Terminalidade* de Antón Lopo. O xurado decidiu por unanimidade que esta fose a obra gañadora, presentada baixo o lema *Terminalidade*, da que resultou autor Antón Lopo.

A obra destaca pola súa ambición temática, que vai dende a dureza dos coidados á nai anciá á reivindicación de todo tipo de relacións afectivas, salferida dun hedonismo vital e lingüístico. "Irónico, autoconfesional, brutal... este poemario pón de relevo unha voz ousada que se busca nunha xeografía global

para chegar a un azul Monforte en plena madurez sensitiva", di o autor.

O xurado desta XXII edición do Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, reuniuse de xeito telemático e estivo composto por Olalla Cociña Lozano, Ismael Ramos Castelo e Xosé Luís Mosquera Camba, actuando como secretaria estaba a presidenta de A.C. Ergueitas, María Casar Díaz e como presidenta a concelleira de Cultura de Sarria, Reyes Abella García.

O xurado quixo destacar a calidade de varias das obras que chegaron ó debate final, nomeadamente os libros presentados baixo os lemas *Pantera, A inmensidade e Roteiro*.

O PP solicita explicacións en materia económica ao Concello

Despois de que a interventora do Concello informara desfavorablemente sobre distintos trámites en materia económica e contractual, o grupo popular de Sarria solicitou un Pleno extraordinario para que o goberno municipal dea explicacións. Os informes refírense á tramitación dos contratos menores, á súa utilización e á existencia ou non de fraccionamento indebido destes contratos no 2021; ao procedemento de xestión e liquidación de taxas e prezos públicos, e tamén en canto a tramitación e xestión das devolucións de ingresos indebidos. Igualmente, con respecto á xestión das caixas de efectivo do exercicio 2021.

Os populares sinalan que nos informes da interventora, salvo nun dos apartados, a valoración global do control financeiro, segundo din no PP, "é desfavorable e non estamos a falar de trivialidades, senón do incumprimento da lei no manexo dos fondos públicos".

Os populares indican que se este é un tema grave, "é de absoluta gravidade no referente aos contratos menores de obra, servizos e subministrados". Neste caso, nos informes "analízanse aleatoriamente corenta dos 116 localizados, e, aparte do cúmulo de irregularidades que se poñen de manifesto na tramitación e contratación, está para nós o abuso que se fai" deste tipo de contratos.

Melloran un treito da estrada LU-633



Como parte das 23 intervencións para incrementar a seguridade en puntos conflictivos das diferentes rutas xacobeas que atravesan a provincia de Lugo, a Xunta vén de executar unha actuación de mellora da seguridade nun treito da estrada LU-633 que coincide co Camiño Francés ao seu paso polo núcleo de Barreiros, en Sarria.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, comprobou o resultado dos traballos realizados á altura do punto quilométrico 54 desta vía autonómica, onde se instalou unha pasarela de madeira e un valado, mellorouse o pavimento na zona pola que transitan os peóns, pintáronse bandas transversais de alerta e reforzouse a sinalización de advertencia de perigo. O investimento total foi de 12.200 euros. Arias explicou que o Goberno galego ten en marcha este ano seis actuacións destas características no percorrido do Camiño Francés por Sarria, Triacastela, Samos e Portomarín, cinco delas na confluencia coa estradas LU-633 e unha na LU-637.

CONCELLO. A concelleira do Camiño de Santiago e de Cultura

de Sarria, Reyes Abella, critica a falta de respecto institucional da Xunta de Galicia co Concello de Sarria ao non convidar a ningún representante do goberno local á visita realizada polo delegado territorial en Lugo, Javier Arias, para supervisar a mellora da seguridade nun treito da estrada LU-633 que coincide co Camiño Francés en Barreiros.

"Gústelle ou non ao delegado territorial da Xunta, de momento os representantes do Concello son de Camiña Sarria e nin o alcalde nin tampouco ningún concelleiro do goberno local foi convidado a ese acto. O delegado convertiu unha visita institucional nunha foto de partido para promocionar aos cargos do PP de Sarria e agardamos que esa falta de respecto institucional non se volva producir", indicou a concelleira.

"Xa sabemos que faltan menos de cinco meses para as eleccións, pero en aras dun bo entendemento entre Administracións sería bo que non se perderan as formas", engadiu Reyes Abella, que ademais considerou "un chiste que o delegado territorial acuda a Sarria a facerse unha foto cos compañeiros de partido tras un investimento de 12.200 euros".



ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:



XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

o principal comercializador de enerxía 100% verde. Con máis de 130 anos de historia.

Entra e infórmate!
982 876 681
sarria@xenera.com

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de XENERA



Muebles Celeiro

Veña visitar a nosa exposición

MÁIS DE 30 ANOS O SEU SERVIZO

Vilapedre 27614 (Crt. Lu546, km16) Sarria - Lugo / Tel.: 982 532 451 - 625 662 962
www.mueblesceleiro.com / mueblesceleiro@gmail.com

“As obras en vivendas mellorarán a accesibilidade e a eficiencia enerxética”

Xosé Brais Pereiro é o director da Oficina Técnica de Arquitectura Sarria

Cantos anos levas en activo?

Imos para 10 anos xa no sector. Estamos constantemente aprendendo e adaptándonos ás circunstancias do mercado e do sector, que non son sinxelas.

Como xorde OTA?

Pois a maior parte da idea veu por parte do meu avó porque cando eu era pequeno, el dedicábase a temas de construción. Desta maneira, eu sempre tiven fixación pola arquitectura e unha cousa levou á outra. Ao final fixemos a OTA, que son as iniciais de Oficina Técnica Arquitectura e xuntei as iniciais mediante formas xeométricas que representan unha cuberta.

Que servizos prestades á xente?

Facemos de todo. Hoxe en día no sector non podes especializarte en nada, xa que a construción é un

levantamentos topográficos. Abarcamos todo o sector desde a oficina porque é o que require o sector. Se ti vas facer unha casa, necesitas un levantamento topográfico, unha normativa urbanística, un proxecto, unha dirección de execución, unha coordinación de seguridade... Entón, vai todo enlazado. Por iso tamén traballamos conxuntamente con topógrafos, urbanistas, calculistas, arquitectos, etc. Todo tipo de profesionais do sector.

Como é traballar no ámbito da arquitectura en Sarria?

En Sarria temos que dar un paso adiante na normativa urbanística. Temos normas subsidiarias do ano 1986, polo que xa vai sendo hora de entrar no Plan Xeral de Ordenación Municipal, porque nos evita moitas problemáticas.

Como é o trato cos clientes?

Moi próximo. Temos un trato persoal desde o inicio da idea, durante o proceso de desenvolvemento e ata que a ves plasmada e executada, o que é a vivenda, na parcela. Entón, é un trato moi próximo e en contacto constante porque a persoa vén coa idea de construír unha vivenda ou rehabilitala coa maior inversión da súa vida. Vén con moita ilusión.

Dos servizos que tedes, o máis demandado é construír ou rehabilitar unha vivenda?

Si, na oficina si, o máis demandado é a dirección de execución. Tamén temos informes e certificacións todos os días, pero hoxe en día o máis demandado desde a oficina é o que ten que ver coa vivenda unifamiliar, xa sexa para reformas,

rehabilitacións, ampliacións... Por outra banda, outros dos servizos máis demandados son temas de terreos, catastrais, que teñen que ver con actas de deslindes, verificacións de que a parcela ten a forma xeométrica e metros que se corresponden coa realidade no catastro... Todo este tipo de problemática, que é moi amplo.

“A maioría dos nosos traballos son peticións particulares”

As persoas cada vez amosan máis interese pola mellora de espazos nas vivendas. Tamén o notastes na OTA?

Si, todo o tema de melloras, reformas, reacondicionamentos... aumentaron. Pero de carácter menor, porque a xente para facer iso non adoita necesitar o técnico de aparelador. Pero si que é verdade que a xente amosa ese interese por mellorar as súas vivendas, aínda que non é un tema de pandemia. A normativa, cada vez máis, obriga a incorporar mellores condicións lumínicas á vivenda, maior habitabilidade, maior confort en canto a instalacións... Entón, a xente vaise adaptando aos poucos ao que esixe a normativa, e as vivendas cada vez estarán mellor climatizadas, con máis luz, mellor ventilación... Non é que a xente pola pandemia cambiasse, é que o sector vai enfocado nesa dirección.

Que novidades se están experimentando no sector?

A tendencia e as evolucións do sector van na dirección da eficiencia enerxética totalmente. Hai unha serie de datos que recollen que o 80% das vivendas en España son ineficientes enerxeticamente, polo que hai un gran labor por facer aí. Estas vivendas teñen unhas cualificacións das tres últimas: E, F e G, en edificacións existentes. Nas novas non. Nas novas xa atallamos esta problemática porque a normativa, o Código Técnico de Edificación, esixe que haxa un illamento envolvente



“Os particulares poden achegarse para preguntar sobre subvencións”

campo moi amplo. Só podes especializarte máis en dirección de execución material de obra, que a min persoalmente é o que máis me gusta e o que me levou a estudar arquitectura técnica. Aínda así, temos que facer de todo, porque unha obra inclúe desde informes, certificacións, inspeccións técnicas, proxectos, proxectos técnicos, valoracións, direccións de execución de obra, coordinación de seguridade en saúde en obras de execución,



de fachada e unha serie de cálculos de transmitancia térmica que xa vas atallando. Ademais, as instalacións cada vez son máis eficientes e hai novidades: a xeotermia e a aerotermia, que nos axudan a baixar o consumo da propia vivenda e ser máis autosostibles. E iso é cara a onde vai o sector: a mellorar a habitabilidade.

“O sector vai cara unha tendencia na que predomina a habitabilidade”

Os estudos indican que ao longo prazo estas medidas de mellora enerxética que, ao principio parecen caras, axudan a aforrar cartos. Si, sen dúbida. Depende das instalacións que vaiais combinar na vivenda cos illamentos; pero ao final sacas unhas prestacións térmicas que, ao cabo dos anos, son rendibles na súa totalidade e aforras na factura.

Desde aquí levades as subvencións ás que se poden acoller particulares e empresas?

Si. Se á oficina entra un cliente que queira habilitar a súa vivenda e queira acollerse a unha subvención, nós, en función do que queira facer, adaptámonos da mellor

maneira para encaixar a idea no marco da subvención, xa que cada subvención leva un procedemento e unhas características subvencionables. Cada ano saen subvencións novas nas que nos temos que encaixar dunha maneira. Por exemplo, para temas de accesibilidade, que é algo moi importante e o mercado o pide, eliminar barreiras arquitectónicas en edificacións existentes e instalacións de ascensores son as máis recurrentes, porque nas comunidades de propietarios a xente faise vella e, sen ascensor, subir as escaleiras é complicado. Estamos a sacar moito proxecto de mellora de accesibilidade en edificación existente.

Como é Sarria a nivel de accesibilidade?

Ten toda a infraestrutura pública adaptada mediante plataformas para salvar escaleiras e con ascensores. Pero en temas particulares, está como en todos os municipios: as edificacións novas teñen ascensor, pero as que foron edificadas nos anos 80 e 90 rexíronse pola moda de poñer na entrada cinco ou seis escaleiras e logo o ascensor, que se salva cun salva escaleiras. Nas que non hai ascensor, hai que meter o ascensor no oco de escaleira ou senón en fachada. E iso é subvencionable. Os particulares que queiran poden achegarse aquí para preguntar sobre subvencións.



MOVIMIENTOS DE TIERRA Y EXCAVACIONES
Venta de aridos: zahorra, piedra, grava, arena

José Luis MATANZA 657 982 987
 SARRIA (LUGO)



“O meu compromiso vital é co fomento da cultura de Sarria”

Xaime Félix Arlindo López é presidente do Seminario de Estudos Sarriaos

Falamos con Xaime Félix Arlindo López Arias, mestre xubilado, avogado e historiador en activo de Sarria, presidente do Seminario de Estudos Sarriaos e promotor da cultura da comarca de Sarria mediante o seu papel en asociacións culturais e no pasado como cronista oficial de Sarria.

Onde naceu e viviu o historiador de Sarria?

Eu nacín nun lugar que se chama A Hermida, que está na parroquia de Santiago de Nespereira, aquí en Sarria. Despois, vivín ata os 8 anos en Manzaneda, na parroquia de San Miguel de Bidueira, onde estaba meu pai traballando de mestre. Cando morreu, volvemos a Sarria. O bacharelato fíxeno en Sarria, fun examinarme a Lugo por libre e fixen dous anos de Maxisterio por libre en Sarria. Ao terceiro ano, marchei a Lugo, xa que en Sarria non había quen me puidese dar música. No ano 68 aprobei Maxisterio y dediqueime ao ensino durante 42 anos. Primeiro, estiven de interino substituíndo mestres que estaban de baixa durante un ano e despois entrei no que se chamaba Campaña de Alfabetización, que era para maiores. Despois, pasei a un centro de Educación Permanente de Adultos en Sarria onde estiven ata que o suprimiron e nos integraron no instituto Gregorio Fernández. Paralelamente, no ano 1971 cursei por libre en Santiago os estudos de Graduado Social co propósito de que me deran acceso a Dereito. Máis adiante, co título de maxisterio podías entrar en calquera titulación, pero naquel momento só deixaban entrar en filosofía e letras. Polo que facendo o graduado social si que po-

día, entón fixen eses estudos ponte. Desta maneira, fixen Dereito por libre pola UNED e, no ano 1979, xa me colexiei como avogado no Colexio de Avogados de Lugo e sigo activo no momento. Compatibilicei as dúas profesións ata que me xubilei e agora sigo dedicándome ao dereito. Especialízome en cousas pequenas para non perder as ganas de traballar.

Mestre e avogado, pero tamén historiador. Como xorde a súa paixón pola investigación histórica?

A min sempre me gustou o de investigar porque xa vén de tradición. Meu pai xa fixera investigación histórica e etnográfica, e eu crieime nun ambiente no que atopaba os seus escritos e había unha biblioteca, polo que xa desde pequeno fun nese sentido. Eu dedícome á investigación da comarca, nunca me

“Escribín en galego sempre porque eu herdei a tradición do meu pai, un dos alumnos de Vicente Risco”

centrei en Sarria só como concello, porque a comarca é unha unidade que funciona en conxunto. Non podemos illar Triacastela do Incio nin de Paradela... Independentemente da separación xeográfica, somos un grupo humano que vén de séculos atrás. No Centro de Educación Permanente para Adultos chegamos a ter clases de Xeografía e Historia co-

marcal, que foi o que deu pé a facer publicacións e á creación do Seminario de Estudos Sarriaos con entre 200 e 300 exemplares que deron lugar a unha sensibilidade e preocupación polos temas históricos e culturais na zona. Agora estamos editando e recollendo datos e publicando libros de vez en cando, como Santa María Magdalena de Sarria.

Conta con apoios para levar a cabo o seu labor de recollida e investigación histórica?

Eu sempre intentei involucrar a máis xente na cuestión, porque Sarria é unha das comarcas con máis información e máis ricas de España. Samos, por exemplo, ten documentación desde os anos 700 e 1.200 e aí está, parroquia a parroquia. Téño todo traducido de latín a galego e imos publicando información para poñer a disposición da xente. Con respecto a se teño axuda, si. Algunhas familias fanme aportacións de documentos, papeis vellos que á xente non lle vale, entón tráenmos. Tamén o Concello me deixou unha base para facer un arquivo histórico comarcal e poder almacenar esa información e sigo recolléndoa, pero tamén ten que ser o Concello e a área de Cultura quen o faga. Logramos que se dixitalizasen os fondos e publicacións que había, porque neste arquivo histórico non só recollemos cousas puramente documentais e históricas, senón tamén a publicidade desde o século XIX en diante para saber como foi evolucionando o tema. Tamén recollemos publicacións do xornalismo e neste momento María Macía, licenciada en Historia pero xubilada, está ordenando.



Promóvense actividades para presentar as obras editadas e así implicar á xente?

Só avisamos ás persoas que sabemos que están interesadas no acontecemento e facemos o labor de distribución aos que sabemos que poden ser colaboradores. Ás veces complementábase cunha conferencia unha vez ao ano na Unión ou na Casa da Cultura.

Cantas obras leva editadas en toda a súa vida?

Obra non moita, pero do Seminario de Estudos Sarriaos hai vinte exemplares que están en papel e tres en prensa, de 700 páxinas cada un destes últimos. Teño dous relatos que recibiron o premio do Pedrón de Ouro e un conto publicado na Editorial Base. Despois, a Deputación de Lugo publicoume María Magdalena, a primeira provincia de Lugo, e tamén teño publicado o traballo sobre a electricidade. Por outra parte, teño un montón de obra pendente de rematar, como o tomo de Samos e unha novela. E acabado de editar sen publicar tamén teño un libro de 700 páxinas que inclúe toda a información sobre os Hospitais de Sarria. E sobre outros traballos abertos, está a recolección de datos sobre as mortes violentas que aconteceron entre 1924 a 1950 nas guerras e paseos

que deron lugar a mortes silenciadas, xa que agora nós sufrimos a orfandade de acceso aos datos sobre os soldados que morreron na Guerra Civil. Os datos oficiais ás veces dan o nome e ás veces non se sabe nin de que concello eran. Na prensa antiga vas sacando cousas e agora mesmo temos información sobre máis de 400 persoas da comarca que morreron na guerra, antes ou na época dos Maquis.

Como é dirixir o Seminario de Estudos Sarriaos?

Recollemos información coa colaboración das persoas que facilitan documentación e fotografías, que xa é moito. Unha das cousas que fomentou o Seminario é a afección de recollida de fotografías, e isto pasou a asumilo a Sociedade Unión, con Manuel Bellas, quen se dedicou de maneira sistemática á recollida de fotografías de familia. Agora, hai unha base de 4.000 fotografías que deron lugar á publicación dun libro, no que eu colaborei na parte literaria, que recolle a vida do traballo de fotografía do xornalista sarriao Víctor López Villarabid, co cal temos a memoria gráfica de Sarria, que está moi ben recollida, e seguimos desde o Seminario. En todos os números aparecen algunhas fotografías coas que tratamos de dar a coñecer as personaxes que teñan relación

mybike Lugo

VISITA NUESTRA WEB: www.my-bike.es

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.my-bike.es

CI. RÚA NOVA, 56 - 27600 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 533 648 Mov.: 699 065 864
electronova@mun-do-r.com

ELECTRONOVA
ILUMINACIÓN - ELECTRODOMÉSTICOS

Smart Green LG

El mundo necesita que seas inteligente.
Elige eco tecnología LG. Movilizate

coa comarca. E sempre que morre alguén facemos un estudo da súa vida e obra, e da súa relación con Sarria.

Entre as súas profesións, tamén está a de ser o cronista oficial de Sarria. Como foi a experiencia?

A experiencia foi interesante. Con respecto da función en si, eu intentei documentar todo o posible en relación co Concello. Collín datas, fixemos a reorganización do arquivo e recuperamos unha serie de documentos que estaban no faído, esquecidos. Fóronse recollendo porque había unha desidia total de documentación, de maneira que nin as actas dos século XIX estaban en libros, senón atados por alí, perdéndose. Entón, logramos que hoxe as actas estean encadernadas. Ademais, recolleuse unha galería de sarriaos ilustres, que hoxe na Casa do Concello están representados en retratos colgados das paredes, porque son os fillos predilectos de Sarria. Tamén fixemos búsqueda de fotografías dos alcaldes que houbo.

Cal diría que é a súa vocación, o que lle define como persona?

Non sei, para min é o compromiso con todo o que teña que ver coa cultura de Sarria. É dicir, todo o relacionado coa cultura a través do Centro de Educación Permanente de Adultos fixémoslo patente nunha asociación que aínda perdura: a Asociación Cultural Arcas, dentro da que está integrado o Seminario de Estudos Sarriaos. Iso montámolo no Centro de Educación Permanente de Adultos e desenvolvemos ata trece actividades de todo tipo para a promoción dos adultos, sempre a partir de 18 anos. E aí tamén está encamiñado o curso de Historia e Xeografía comarcal. E ademais, para facelo máis vivo, fixemos un grupo de sendeirismo e un grupo de excursionismo. No grupo de excursionismo dedicámonos a coñecer a comarca a pé facendo camiñadas e tamén algun-



ha fóra da comarca, por Galicia en diante. En concreto, xa fixemos a actividade máis destacada en etapas e ao longo dos anos, desde Sant Juan Pie de Port a Fisterra a través do Camiño de Santiago. Na promoción do Camiño de Santiago tamén colaborei e desde concellos e asociacións púxose en valor o Ca-

“Unha das cousas que fomentou o Seminario é a afección de recollida de fotografías”

miño de Santiago antes de que a Xunta se preocupase del. Que, por certo, atendeu a isto antes a Deputación de Lugo que a Xunta, que isto é algo que non se destaca demasiado. Realmente as primeiras

actuacións serias e oficiais fixéronse con Francisco Cacharro Pardo, antigo presidente da Deputación de Lugo, que era xefe superior meu. Nesa etapa primeira foi a Deputación conxuntamente con nós, que fixemos nacer a Asociación de Amigos do Camiño de Santiago da provincia de Lugo, quen empezou a valorar o Camiño. Fixemos unha actividade moi destacada e tivemos unha presenza importante desde Sarria con persoas do Concello que cabe destacar, como o político e avogado Antonio Díaz Fuentes e o xornalista e escritor Víctor López Villarabid.

Aínda está a desenvolver traballos de edición?

O máis importante é o Tesouro Sarriense, que é unha recompilación por orde alfabética de persoas e personaxes, todos os falecidos da comarca e cousas destacadas: institucións, nomes de casas da comar-



ca, muíños, montes, comunidades, parroquias... Todo ordenado alfabeticamente. Ata o de agora temos mecanografiadas 4.266 páxinas, máis o que se pode engadir nesas páxinas manuscritas que vou escribindo todos os días. Ese si que é un labor de recollida diaria a través dos xornais e

“O que me define como persoa é o compromiso con todo o que teña que ver coa cultura de Sarria”

da busca cara a atrás. Hai tres fontes das que se pode beber: no Portal de Arquivos Españóis (PARES), que permite o acceso a todos os arquivos estatais; na biblioteca dixital de Galicia

Galicana, que me dá acceso a toda a prensa publicada desde 1.700 en diante en Galicia, e en prensa virtual, porque ás veces hai datos que non os atopas en prensa galega. Houbo unha época en que para cousas de Lugo había mellor información no Boletín de Ourense, porque en Lugo non o tiñan no sistema.

Todos os seus escritos están en galego, é unha aposta clara traballar nesta lingua?

Si, a menos que sexa por esixencias do guión, escribín en galego sempre porque eu herdei a tradición do meu pai, un dos alumnos de Vicente Risco. Cando eu tiña 10 anos e iamos á casa da aldea e vía a biblioteca que tiña meu pai, descubrí a primeira edición das Cruces de Pedra e toda a obra de Lamas Carvajal. Eu non tiven que facer ningún descubrimento do galego, o único ir cambiando as grafías, pero foi unha aposta clara sempre polo galego.

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS *
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 · Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

COMARCA

Como viviu a comarca o Nadal?

Tras dous anos sen poder celebrar o Nadal de forma habitual por mor da pandemia da covid-19, a veciñanza da comarca de Sarria celebrou estas festas con moitas ganas e un gran número de actividades dentro da nova normalidade

Os cidadáns e cidadás da comarca de Sarria promoveron e organizaron moitas e diversas actividades para este Nadal despois de dous anos sen poder celebrar estas festas con plena naturalidade debido á pandemia da covid-19.

Desta maneira, moitos e moitas foron os que disfrutaron dunhas datas festivas que se sentiron como unha nova oportunidade para compartir, alegrarse e estar xuntos, xa que nos anos anteriores coas restricións, as probas de antíxenos e o medo ao contaxio, provocaron que moitas persoas estiveran soas. Xa na nova normalidade, con medidas de seguridade e con cautela, os cidadáns da comarca de Sarria, que engloba os concellos de Lánzara, Paradela, O Páramo, o Incio, Triacastela, Samos e Sarria; festexaron o final do 2022 da mellor maneira posible.

Para comezar, en Sarria organizáronse moitas actividades de Nadal para nenos e adultos, como os Concursos de Nadal, que fomentaron a creatividade da cidadanía.

Tanto o de fotografía, como o de deseño de bolas e de decoración de Nadal, así como o de edición de postais de Nadal xa se celebraran con anterioridade e, ao ver que a xente animábase e participaba con ganas, propúxose tamén este ano. A estes se sumou tamén a primeira edición de Concurso de Panxoliñas.

Pero ademais dos concursos, Sarria fomentou moitas actividades sobre todo para os máis pequenos,



que son quen máis disfruta destas datas.

Así, os últimos días antes de Nadal e dentro das actividades do colexio Frei Luis de Granada de Sarria, os nenos e nenas fixeron unha excursión a Lalín e visitaron as aldeas de Nadal nunha xornada en que deron un paseo, comeron e subiron ao tren de Nadal que percorre a vila. Para finalizar, á tarde puideron ver a actuación do home orquestra.

Tamén o CEIP Frei Luis de Granada acolleu unha actuación do grupo Sound Sisters coa que recibiron, ademais, a Papa Noel.

Foi tanta a expectación que máis de 300 persoas, entre alumnado, familias e profesionais da ensinanza, acudiron ao evento.

A xornada rematou coa entrega de agasallos aos premiados no concurso de adornos elaborados con material reciclado que se propuxo no colexio.



Pero tamén houbo actividades para os maiores, como o Mercado Quilate de Nadal, que encheu as rúas da vila.

Coa colaboración da área de Artesanía e Deseño da Deputación de

Lugo, o grupo de anticuarios de Sarria que xa levaban organizando mensualmente un rastro puxeron á vista dos que pasaban por diante obxectos antigos e clásicos, pero tamén curiosos e de colecciónis-

ARQUITECTO TÉCNICO

OTA

OFICINA TÉCNICA
ARQUITECTURA

XOSÉ BRAIS PEREIRO CHAOS
arquitecto técnico

PROYECTOS TÉCNICOS / DIRECCIONES DE OBRA
COORDINACIONES DE SEGURIDAD Y SALUD
CERTIFICACIONES / INFORMES
TRABAJOS TOPOGRÁFICOS
ASESORAMIENTO TÉCNICO EN CONSTRUCCIÓN
URBANISMO

SARRIA (LUGO) T: 676 559 980

albisar
CONSTRUCCIONES Y CUBIERTAS

ESPECIALISTAS EN
REFORMAS Y
REHABILITACIONES

CUBIERTAS DE PIZARRA
COLOCACIÓN DE PIEDRA
ESTRUCTURAS DE NAVES
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698

mo, vinilos, repostería e confeitaría artesá, e oficios tradicionais como cestería, olería e tecedura.

Pola súa parte, o Concello de Lán-cara organizou unha xornada na que Papa Noel recibiu aos máis pequenos e ás súas familias no polifuncional do Campo da Feira.

Papá Noel colleu as cartas que lle levaron os nenos e nenas do municipio para así poder cumprir os seus desexos e estes, ademais, puideron desfrutar dunha tarde de pintacaras, xogos, baile e chocolatada.

Cambiamos de municipio e imos ata Triacastela, onde se levaron a cabo moitas iniciativas para poñer en valor o Nadal no municipio.

Unha delas, orientada aos que máis ilusión teñen nestas datas, os nenos e nenas do CEIP Eduardo Cela Vila, foi a do concurso de postais de Nadal organizado pola asociación Xesta Brava.

Con estas postais que podedes ver na imaxe, quixeron mostrar que se pode respectar e preservar o medio ambiente tamén nestas datas, xa que as elaboraron con materiais de refugo.

Os nenos e nenas do CEIP de Triacastela posaron xunto cos do CEIP de Samos fronte á árbore de Nadal de As Termas.

Outra das actividades que mencionar promovidas en Triacastela para o disfrute dos máis pequenos foi a excursión que fixeron a Lugo xunto cos compañeiros e compañeiras do CEIP de Samos, cos que compartiron a visualización dunha película en As Termas.

Despois, o alumnado de Triacastela puido desfrutar dunha xornada en Xuvenilugo, o parque de atraccións de Lugo, onde o pasaron moi ben.

O alumnado do CEIP Eduardo Cela Vila de Triacastela realizaron un mural sobre o Nadal para rematar o trimestre.

Nel incluíron todos os bos desexos para rematar o ano e aquilo que máis lles gusta e apaixona.

Para finalizar co estómago cheo,



realizaron a derradeira merenda do ano acompañados nesta ocasión dos seus familiares, aos que lles cantaron a panxoliña do Apalpador.

Outra das actividades que se celebraron en Triacastela foi a chegada do Apalpador ao colexio Eduardo Cela Vila.

Así, os nenos e nenas desfrutaron das experiencias desta figura da cultura galega que lles encheu de cultura e coñecemento aos máis pequenos, que aprenderon moito sobre historia e patrimonio.

O pasado 28 de decembro Triacastela acolleu dúas actividades de Nadal que puxeron de manifesto a ilusión dos cidadáns do municipio.

Por unha banda, celebrouse un obradoiro de tecido con máquinas circulares a cargo de María José Martínez e José Antonio Carrera

tanto pola mañá como pola tarde. O curso, dirixido a todos os públicos e que tivo moi boa acollida como se pode ver na imaxe.

Por outro lado, o mesmo día tivo lugar unha festa infantil na carpa que se instalou diante do Concello para que os máis pequenos puideran desfrutar da artista Magali Piedra.

Os nenos e nenas do Concello de Triacastela viron a actuación da artista, bailaron e xogaron nunha xornada de celebración do Nadal inesquecible.

En Paradela tiveron moito peso as actividades de celebración do Bicentenario do municipio, polo que moitas das actividades de Nadal foron encamiñadas nese sentido.

Unha delas e moi importante foi a excursión a Begonte, onde o alumnado do CEIP San Miguel de



Paradela visitou o Belén de Nadal nunha viaxe organizada polo centro educativo en colaboración co Concello, dentro das celebracións do bicentenario da institución municipal.

No Incio, os nenos e nenas do CEIP Ricardo Gasset tiveron a oportunidade este Nadal de facerlle unha visita á residencia de maiores da vila, onde tiveron unha xuntanza en que se uniron os máis pequenos e os anciáns na residencia de maiores do municipio para compartir un tempo durante estas festas.

Así, o alumnado do colexio levou elementos decorativos que elaboraran na clase e entregáronlles aos máis maiores para facerlles sentir acompañados e queridos. Púidose ver a ilusión que lles fixo a ambos grupos festexar o Nadal

xuntos.

Por último, dentro das actividades de Nadal, a Mesa dos Catro Cabaleiros volveu ser a protagonista destas datas de Nadal grazas a un belén elaborado polos veciños Pepe da Fonte e Marisa Freire.

Este lugar é emblemático porque é o punto onde se unen catro concellos da provincia de Lugo, dous da comarca de Sarria e dous da de Ribeira Sacra: O Incio, Samos, Folgo-so do Courel e a Pobra do Brollón. A Mesa dos Castro Cabaleiros é protagonista todos os anos debido ao concurso fotográfico que se organiza en torno a el.

Con esta iniciativa, esperamos que desfrutarades desta recolección de momentos de Nadal da comarca de Sarria e estamos desexando que cheguen as festas de Nadal do ano que vén.

Empresa especializada en trabajos verticales



REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Lourés

Rei Don García 91 Bajo. 27002 Lugo
659 718 582 (24h) / 665 590 486

info@ramosloures.es / www.ramosloures.es
rylramosloures

DISPONEMOS DE TÉCNICOS CON ALTA FORMACIÓN Y EXPERIENCIA EN TRABAJOS EN ALTURA Y VERTICALES (SIN ANDAMIOS)

- Limpieza de canalones
- Reparaciones de bajantes
- Limpieza, pintado e hidrofugado de fachadas y patios de luces
- Trabajos confinado y en altura en industria
- Además disponemos de servicio de desatascos 24h

O Nadal deixou estampas e decoracións fermosas nos diferentes concellos



ESTAMPADO TEXTIL Y ROTULACIÓN
www.textilsar.es
 Tlf: 619 724 272
ROPA LABORAL
ROPA DEPORTIVA
VINILOS DECORATIVOS
REGALO PUBLICITARIO
LONAS, CARPAS, BANDERAS...
 C/Goya, 17 Bajo
 SARRIA-(LUGO)
 Tlf: 619 724 272

CBD MEDICINAL ECOLÓGICO
 Especialistas en el dolor de huesos, músculos, fibromialgia, cáncer, varices...
SIN EFECTOS SECUNDARIOS
COMPRUÉBALO POR TI MISMO
 Rúa Calvo Sotelo 95. Sarria- Lugo
 Telf. 982 530 232

De arriba abaixo e de esquerda a dereita: o Apalpador visitando aos cativos no colexio de Triacastela; catro fotografías dos nenos do Ortega y Gasset do Incio coas súas manualidades e debuxos; un concerto de Nadal para o alumnado do Frei Luís Granada de Sarria; un mural creado para a ocasión polos nenos de Triacastela; nenos do CEIP Plurilingüe San Miguel de Paradela coas súas chaquetas novas, un agasallo do Concello coa colaboración do GDR Asociación Miño Ulla; e tres imaxes da I Xuntanza 2023 dos veciños de Triacastela na que fixeron un 'photocall'.



RIO LOYO

Restaurante

Airexe
taberna

RESERVAS
619 873 918
982 195 979



Especialidade en tortillas
Tablas de embutido
Bacalao

Xornadas do cocido
Tenreira Galega Suprema
Menú do día

LUNS E MARTES PECHADO EXCEPTO FESTIVOS E VISPERAS

San Juan de Muro - Láncara

Mesón Castro




Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697



HOTEL A VEIGA



Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

Cerramos por vacaciones
hasta el 3 de febrero incluido




• TEMPORADA DE COCIDOS
• TERNERA GALLEGA SUPREMA
• ASADOS EN HORNO DE LEÑA
• ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063






A Fervenza



CASA GRANDE & RESTAURANTE
Tel: 982 15 10 10 - info@fervenza.com
Abertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones




O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros
(por encarga)



Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL: 639 010 696



Convocadas as axudas do Plan Leader

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 da medida Leader do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, cun orzamento de 15,3 millóns de euros para as anualidades 2023 e 2024. Pode optar a estar achegas calquera persoa ou entidade a través dos 24 Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) do territorio galego para desenvolver proxectos que dinamicen as súas contornas, ben sexan de carácter produtivo ou non. Así, serán subvencionables proxectos de natureza produtiva que supoñan a realización dunha actividade económica con fins lucrativos e tamén proxectos de natureza non produtiva, consistentes na realización dunha actividade que sexa de interese público ou colectivo. A concesión das axudas tramitarase en réxime de concorren-

cia competitiva a través de cada GDR e as persoas beneficiarias de proxectos produtivos poderán solicitar un anticipo de ata un importe máximo do 50% da subvención concedida. No caso dos proxectos non produtivos, esta porcentaxe pode chegar ata o 90%. Deste xeito, con esta orde de axudas búscase mellorar as condicións para crear e manter emprego no medio rural e dotar de servizos á poboación destas zonas, favorecendo a mellora do seu nivel de vida e a inclusión social, entre outros aspectos. Os interesados teñen de prazo ata o vindeiro 31 de xaneiro para presentar as solicitudes, que deberán ser dirixidas -tendo en conta a localización do investimento- ao GDR que corresponda. Así mesmo, deberán presentarse co formulario e coa documentación prevista nas bases reguladoras desta convocatoria.

Comadre foi elixida a Palabra do Ano 2022 pola RAG

O Dicionario da Real Academia Galega define comadre nas acepcións relacionadas co parentesco, pero na fala popular esta voz refírese tamén á veciña ou á amiga na que se ten especial confianza. Con este último significado, que lembra as mozas e vellas que se prestan apoio para faceren fronte aos contextos adversos e que se fan tamén compañía nos bos momentos da vida, vén empregándose dende hai moito tempo. Bebendo deste herdo tradicional, hoxe reivindicá-

se dende o feminismo consciente como un xeito de se referir a aquelas que practican a sororidade, a solidariedade entre mulleres. E nese empeño de moitas comadres do século XXI de teceren redes de visibilidade para a súa mensaxe, esta voz acaba de se converter na Palabra do Ano 2022. Comadre conseguiu ser unha das seis voces finalistas na votación popular promovida pola RAG e a Fundación Barrié, a través do Portal das Palabras.

Piden aos peóns que tomen medidas para evitar atropelos

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, fixo un chamamento aos peóns para que tomen todas as medidas de autoprotección que son moi importantes durante os meses de inverno nos que a falta de luz e o mal tempo diminúen a visibilidade. Fixo esta advertencia durante a presentación en Viveiro dunha nova campaña da Dirección Xeral de Tráfico de reparto de chalecos reflectantes por toda a provincia para axudar aos peóns a aumentar a súa visibilidade.

A subdelegada acompañou aos axentes da Agrupación de Tráfico da Garda Civil que comezaron en Viveiro o reparto dos 500 chalecos reflectantes de alta visibilidade que durará entre este mes e o de xaneiro.

Con esta campaña preténdese sen-



sibilizar a todos os usuarios, tanto peóns como condutores, sobre a importancia de ver e ser vistos, así como de cumprir as normas de circulación, para que non haxa ningunha persoa ferida. No que vai de 2022 rexistráronse 11 accidentes

por atropelo nas estradas e travesías lucenses, o que supón un 42,2% menos con respecto ao ano pasado no que se contabilizaron 19. A esa cifra hai que sumar outros 46 atropelos en vía urbana, 32 menos que no 2021, un 27% menos en total".

Distribúen novo material de emerxencias á Protección Civil

A Xunta de Galicia distribuirá novo material de emerxencias a 24 concellos lucenses a través da convocatoria para dotar de equipamento aos municipios de menos de 50.000 habitantes que contan con Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil (AVPC).

O delegado territorial do Goberno galego, Javier Arias, explica que o Diario Oficial de Galicia (DOG) vén de publicar a resolución da orde deste ano, que no conxunto de Galicia supón un investimento de case 896.000 euros para beneficiar a 131 entidades locais.

En canto á repartición dos equipos en Lugo -39 unidades en total -, cédense nove tendas de campaña para emerxencias aos municipios de Meira, Palas de Rei, Portomarín, Ribas de Sil, Cervantes, O Saviñao, Sober, Folgoso do Courel e O Incio; catro espaxadores de sal a Negueira de Muñiz, Riotorto, Trabada e Lourenzán; tres vehículos todoterreo a Pol, Taboada e O Valadouro; tres coitelas para retirar neve a Chantada, A Pontenova e Ribeira de Piquín; e dúas embarcacións pneumáticas a Monforte de Lemos e O Vicedo.

Así mesmo, entregaranse 18 desfibriladores externos a Negueira de Muñiz, Ourense, Palas de Rei, Pol, A Pontenova, Portomarín, Ribadeo, Ribeira de Piquín, Chantada, O Saviñao, Taboada, Folgoso do Courel, O Valadouro, Lourenzán, O Vicedo, Meira, Viveiro e Monforte de Lemos.

Arias afirmou que pese a tratarse dunha competencia dos municipios de máis de 20.000 habitantes e das deputacións provinciais nos de menor poboación, a Xunta manterá o seu compromiso cos servizos de emerxencias dos concellos nos orzamentos de 2023.



INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.



Entregados os quintos premios Son Muller 2022 da AELU

A presidenta da Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo, Beatriz Varela Regueira, entregou no Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL) os premios Son Muller 2022 organizados por AELU. Estes galardóns que celebran a quinta edición, recoñecen a actividade empresarial de mulleres da provincia ao mesmo tempo que fomentan a súa participación no entorno económico e social de Lugo.

Beatriz Varela felicitou a todas as participantes "pois presentaron proxectos innovadores e creativos o que demostra a gran diversidade e pluralidade que existe no sector empresarial lucense. Os premios recoñecen o traballo da muller emprendedora, a empresaria e a muller empresaria rural. Con esta iniciativa dámoslles visibilidade porque entendemos o papel fundamental que xogan no desenvolvemento económico do territorio". Na quinta edición dos Premios Son Muller recibíronse preto de 30 candidaturas.

Nesta gala na que tamén partici-



paron autoridades da provincia e empresarias lucenses, repartíronse un total de 4.500 euros en premios e xogos de Matrioskiñas galegas deseñados especialmente para este certame por artesáns lucenses. Ademais todas as finalistas recibiron un galardón pola súa participación.

OS PREMIOS. Na categoría Son Emprendedora o primeiro premio foi para Aobá Upcycling, o segundo para Rural e Urbano. As finalistas foron Late Food, Atoupa e Cuarto e Metade.

Na categoría Son Empresaria o primeiro foi para Academia A Mariña e

o segundo para o Centro Pedagóxico Aloumiño. Os finalistas foron Colorín Colorado, Bioco e Asesoría Mel.

Na terceira categoría, son empresaria rural, a vencedora foi As Vacas da Ulloa seguida de A Horta de Sancoveiga. Quedaron como finalistas Esencia Viva, Argaiá Cosmética e Casa de Baixo.

Durante a Gala a Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo realizou un recoñecemento especial a Purificación García Balseiro (Decoraciones Pura) e distinguiu a súa longa traxectoria empresarial e profesional como muller referente no ámbito do emprendemento.

Os socialistas piden axilizar a tramitación do Certificado Dixital

O PSdeG demanda á Xunta axilizar a tramitación administrativa para obter o Certificado Dixital, e poder concorrer así a subvencións e tramitar expedientes coas diferentes administracións. Tras escoitar as queixas das gandeiras e gandeiros lucenses, o Grupo Provincial do PSdeG na Deputación de Lugo reclamará á Xunta a través dunha moción, reformas na tramitación deste documento.

Concretamente, a través desta proposta, demandan ó Goberno autonómico "dotar do persoal necesario ó Rexistro da Delegación de Lugo para garantir que se atenden todas as citas concedidas para obter o Certificado Dixital, e que tome as medidas precisas para descentralizar a realización deste trámite, estudando coa Deputación e os concellos fórmulas que eviten os desprazamentos ou os reduzan considerablemente".

Ademais, na iniciativa rexistrada o PSdeG insta á Xunta "a mellorar a cobertura de liña telefónica e internet para avanzar no camiño de facilitar o acceso á administración por vía telefónica e dixital ós veciños do rural lucense".

IMPRESINDIBLE. O PSdeG lembra que contar co Certificado Dixital é imprescindible para poder optar ás axudas do Kit Dixital que concede o Ministerio de Agricultura. Como as axudas se conceden por orde de presentación, a incapacidade e falta de previsión da Xunta pode privar ós gandeiros lucenses do acceso ás mesmas.

"Dende o Grupo Socialista da Deputación de Lugo vimos denunciando a perda de servizos públicos no rural, e a creación por parte da Xunta dun modelo de dúas velocidades, que amplía a fenda entre o rural e o urbano", aseguran.



CAFETERIA
Holo

SERVICIO A DOMICILIO
Tel. 982 530 021

Calvo Sotelo, 12 27600 SARRIA (Lugo)

CHAMORREGO
SERVICIO A DOMICILIO

C/ Calvo Sotelo 140, Sarria - Telf: 982 533 664

CERVECERÍA ESPAÑA
¡LO BUENO LO ELIGES TÚ!

CERRAMOS LOS MARTES

DISFRUTE DE NUESTRAS EXQUISITAS RACIONES DE POLLO CRUJIENTE, TIRAS, ALITAS, BROCHETA AL AJO Y PARMESANO, FAJITAS DE POLLO, BURRITOS DE TERNERA, CROQUETAS, EMPANADILLAS, CALAMARES Y CHIPIRONES...
VARIEDADES DE TOSTAS...

CALLE DIEGO PAZOS 29, BAJO. SARRIA - TEL.: 982 876 706

PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI

¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar
-25% en la segunda pizza mediana

Martes
Familiar de Jamón o Bacon
8€

Servicio a domicilio
Rúa Diego Pazos, 30 - Baixo Sarria
982 012 026

Os veciños recibiron unha formación sobre compostaxe



O Concello de Triacastela celebrou unha xornada de formación gratuíta en compostaxe doméstica para as persoas que se anotaron para recibir un dos 25 composteiros que vén de adquirir o Goberno local cunha subvención da Consellería de Medio Ambiente.

Así, os veciños do Concello puideron recibir información totalmente gratuíta na Fonte do Lunar para promover a reciclaxe de residuos orgánicos.

En concreto, explicáronlles aos participantes na campaña o que

precisan para facer compostaxe, o proceso, que residuos se poden compostar e cales non e os aspectos que condicionan o proceso da compostaxe. Tamén lles ensinaron cando está listo o compost e os seus usos e beneficios.

A campaña 'Composta os teus residuos' está ideada para a participación de 25 vivendas pertencentes preferentemente á zona rural, sendo a condición indispensable posuír un espazo de horta e/ou xardín no que colocar un composteiro.

A nogueira do Camiño Vello, xa é unha árbore senlleira

A Nogueira do Camiño Vello (Juglans regia L), localizada no Concello de Triacastela, vén de ser incluída ó Catálogo galego de árbores senlleiras segundo publica o Diario Oficial de Galicia, que salienta as características dendrométricas, a singularidade e a beleza deste exemplar.

A Nogueira do Camiño Vello, con 9 metros de altura e 7 metros de circunferencia e cunha inclinación de 40º cara ao leste, enraizada directamente na rocha localízase ó carón da Casa da Ponte, vella ferrería onde en 1812 se instalou un hospital de tránsito para atender a soldados enfermos que loitaban contra as tropas francesas durante a Guerra de Independencia.

O seu vasto toro e as súas cavidades, algunhas delas completamente abertas, mostran o inescrutabile



paso do tempo, as inxerencias do clima e dos insectos que nela habitan.

ACTUALIZACIÓN. O Catálogo galego de árbores senlleiras é unha ferramenta aberta e en constante actualización, podendo propoñer a inclusión de elementos novos os

seus propietarios, as administracións, os centros de investigación ou asociacións e aquelas entidades privadas ou públicas que teñan entre os seus fins estatutarios a protección da natureza.

De feito, dende a aprobación do seu regulamento no ano 2007, foi obxecto xa de diversas revisións e periodicamente sométense a información pública novas propostas para valorar a posible incorporación de exemplares con valores salientables, como é o caso da Nogueira do Camiño Vello.

Este rexistro público de carácter administrativo inclúe todas aquelas árbores e formacións excepcionais merecentes de protección. Na actualidade, forman parte do Catálogo un total de 184 elementos —145 exemplares e 39 formacións arbóreas— pertencentes a 81 especies diferentes.

As casas do maior cumpren un ano en funcionamento

Hai un ano que se puxeron en funcionamento as tres casas do maior de Triacastela, unhas instalacións novas que son un servizo fundamental para garantir un envellecemento digno e acorde ás necesidades de cada persoa.

Tamén son lugares onde os veciños se poden reunir, crear veciñanza, facer actividades e estar en compañía nun entorno rural. Pequenos

centros de día que permiten que os municipios que non contan con este tipo de servizo poidan ofrecer terapias e actividades aos maiores dentro da súa contorna.

Cada unha delas ten cabida para 5 persoas, polo que a atención é personalizada e individual, onde as residentes teñen atención individualizada e actividades personalizadas. En concreto, a casa do maior Xero-

ser, rexentada por Erica, atópase no mesmo municipio de Triacastela no baixo do restaurante Vilasante. As instalacións contan con espazos adaptados para que sexa cómoda para aquelas persoas que teñan mobilidade reducida.

No caso da casa do maior Escola de Vilar, rexentada por Mari Carmen Doval Núñez, sitúase na parroquia de Vilabella en Triacastela e com-



parte espazo co centro social, aínda que son instalacións independentes e conta cun ximnasio, cociña, sala de descanso, baños adaptados e unha oficina.

A terceira é a casa do maior Pra-

do na parroquia de Folgueiras de Triacastela, rexentada por Marta Silvosa, cuxas instalacións contan con equipamento xeriátrico homologado, sala de estar e comedor con televisión.

CARPINTERÍA METÁLICA

CAMIÑO FRANCÉS

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

AEROTERMIA

SUELO RADIANTE

BIOMASA

INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

FONTANERÍA Y GAS

VILAR VALCARCEL S.L.

C/ Portomarin, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

O número premiado da Lotería Nacional tocou en Triacastela

A Lotería Nacional, que ten lugar todos os días, sorprendeu aos habitantes de Triacastela ao ser premiado un décimo do número 52.767 o 22 de decembro, día do Gordo da Lotería de Nadal. O décimo, que lle deu 30.000 euros ao seu dono, de indentidade descoñecida, foi vendido no supermercado Ace do municipio.

O propietario do establecemento, Emilio López di descoñecer a entidade do agraciado, aínda que pensar que é da zona.

O número premiado, o 52.767, foi vendido noutras nove localidades españolas.

Conveniada a humanización da avenida Benigno Quiroga

A Deputación provincial inviste 180.000 euros para a humanización da avenida Benigno Quiroga de Láncara nun convenio de colaboración entre a institución e o Concello de Láncara.

Esta acción promove a humanización integral da avenida Benigno Quiroga do núcleo urbano da Pobra de San Xiao, que ten un custo total de preto de 187.000 euros.

O acto, celebrado no Salón de Plenos do Concello, estivo presente José Tomé Roca, presidente da Deputación; Darío Piñeiro, alcalde de Láncara e o feputado de Promoción Económica e Social e tenente de alcalde lançarés, Pablo Rivera Capón.

Tomé Roca destacou a importancia desta obra porque Benigno Quiroga é unha das dúas arterias principais coas que conta o núcleo da Pobra, onde se sitúan a maioría das tendas, entidades bancarias e locais de hos-



talería e onde viven ademais moitos veciños deste municipio. “Polo tanto, o acondicionamento desta rúa terá un beneficio social, pero tamén económico”.

O PROXECTO. Esta actuación permitirá mellorar o firme da avenida Benigno Quiroga, con aproximadamente un quilómetro de lonxitude, que aportará unha maior durabilidade e

estabilidade.

Tamén se proxecta unha mellora de accesibilidade coa instalación de catro pasos de peóns elevados e a instalación de tres prazas adaptadas a persoas con mobilidade reducida.

Así mesmo, este proxecto complétase coa sinalización horizontal e vertical necesarias que garante as condicións de accesibilidade e seguridade da vía.

O Concello contará cunha glorieta de acceso á Pobra de San Xiao

O Concello de Láncara adjudicou a obra de construción da glorieta na LU-546, punto quilométrico 12+230 de acceso ao núcleo da Pobra de San Xiao.

A Dirección de Obra recaerá no Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Marcos Díaz-Becerra Martínez, que conta cunha dilatada experiencia neste tipo de proxectos, e as obras comezarán a finais

de xaneiro.

A empresa Ovisa Pavimentos y Obras foi a que obtivo a puntuación máis alta entre as tres que se presentaron, e polo tanto será a encargada de acometer os traballos que terán unha duración máxima de 4 meses.

A obra adjudicouse mediante concurso aberto por un total de 289.795 € IVE engadido, o que su-

pón un aforro de máis de 38.000 euros sobre o orzamento previsto. O alcalde de Láncara amósase satisfeito da rapidez ca que se tramitou todo o expediente administrativo e insiste en que a Xunta de Galicia ten un compromiso moral con Láncara que aínda non materializou e empra a administración autonómica a cumprir coas súas promesas.

O Concello acolleu a visita da nova consulesa de Cuba



Ingrid Izquierdo, a nova cónsul de Cuba para Galicia, Asturias e Cantabria, visitou o Concello de Láncara xunto co vicecónsul nunha xuntanza oficial co alcalde, Darío Piñeiro, o tenente de alcalde, Pablo Rivera, e o fillo predilecto de Láncara, Carlos López Sierra.

Durante a xornada, o goberno lançarés ofreceulle á representante cubana toda a colaboración posible para desenvolver novos proxectos en común, como algúns de cooperación a nivel internacional.

Ademais, durante a visita, tamén puido disfrutar dun paseo pola Casa Museo Anxo Castro e Centro de Interpretación da Emigración Galega, que sinalou como “un lugar que nos transporta ao pasado e móstranos unha parte importante das nosas orixes, de gran significación para o pobo cubano e referencia de arquivo dos vínculos histórico-culturais entre Cuba e Galicia”.

A Casa Museo propúxose como lugar onde organizar iniciativas de tipo cultural, académico ou de intercambio.

O Concello necesita cubrir 8 prazas de auxiliar do SAF

O Concello convoca varias prazas para a estabilización de emprego temporal publicadas no BOP de Lugo número 292 do 23 de decembro. O prazo de presentación de solicitudes remata o vindeiro 19 de xaneiro.

Desta maneira, das oito primeiras, unha praza será a de Axente

de Emprego e desenvolvemento local, outra será de limpador/a de dependencias municipais e outras seis para auxiliar de axuda no fogar. As dúas prazas restantes serán tamén para o posto de auxiliar de axuda no fogar, pero a cubrir polo sistema de concurso-oposición.

iVolvemos!
Curso 2022 / 2023

CREADOS
Centro Educativo y de Necesidades Educativas Especiales

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TÉCNICAS DE ESTUDIO

¡Infórmate sin compromiso!

ESO

Calvo Sotelo, 183 Bajo
27600 Sarria (LUGO)
☎ 626 21 86 28

INFANTIL **PRIMARIA**

OSO BLANCO
LAVANDERÍA AUTOSERVICIO

WWW.LAVANDERIASOSOBLANCO.ES

AHORA PUEDES
PAGAR CON TU MOVIL

1. Descarga OSO BLANCO LAVANDERÍAS
2. Regístrate
3. Busca la Lavandería

POR CADA RECARGA DE
10€

RECALAMOS **1€**

App Store
Google Play

Rúa Calvo Sotelo 20
SARRIA - LUGO
☎ 08:00 a 22:30

Rúa Calvo Sotelo 199
SARRIA - LUGO
☎ 08:00 a 22:30

As vivendas comunitarias acollen clases de ximnasia para os maiores do municipio



Son moitos os veciños e veciñas do Concello de Samos que se veñen de apuntar ás clases de ximnasia dirixidas por unha monitora especializada no tema que se están a impartir os luns e os venres.

A traballadora social do Concello, Elena Pereira, confirma que “estas actividades están a desenvolverse nas vivendas comunitarias que temos en Samos. Estas vivendas están habilitadas para persoas autónomas sen ningún grado de dependencia ou como moito que sexan de grado 1”.

Pereira destaca tamén que “as actividades de ximnasia fanse precisamente porque os usuarios aínda teñen mobilidade e se pretende conservala o maior tempo posible e fomentar un estilo de vida activo”.

Do meste xeito, resalta a “boa acollida que están a ter” e explica que “están impartidas por unha monitora con amplos coñecementos no tema que vai os luns e os venres unha hora cada día, e en principio impartiranse entre 12 e 14 sesións”.

O mosteiro recolle a icónica frase de Messi, “Que miras, bobo?”

O mosteiro de Samos fíxose famoso estes días por unha inscrición que decora un dos medallóns onde se xuntan a nervadura das bóvedas da construción, xa que pon nela “Que miras bobo”, unha frase que se fixo viral ao dicila Leo Messi no Mundial de Fútbol.

Esta frase, escrita no teito do claustro gótico cunha rechamante letra vermella e en maiúscula, é obra de Pedro Rodriguez, un canteiro e ‘troll’ de Monforte de Lemos.

Pedro Rodrigues foi o encargado de construír Mosteiro, tamén chamado claustro das Nereidas, e a pesar de que non hai unha historia confirmada, todo apunta que esta inxuriosa inscrición forma parte dunha broma coa que o canteiro Pedro Rodrigues quixo rirse dos miróns e curiosos durante a súa construción.

O humor do mestre canteiro sobreviviu ao paso do tempo e a inscrición xeroglífica consérvase intacta.

MOSTEIRO DE SAMOS. A construción do mosteiro, con planta cadrada e pedra moi traballada, remóntase a finais do século XVI e está situado



xunto ao río Sarria. Os visitantes que pasan, adoitan quedar abraiados polas súas amplas dimensións.

A pesar de que desde fóra proxecta unha imaxe de austeridade, isto contrasta cos seus claustros, construídos en pedra de granito.

O claustro gótico foi construído sobre o anterior de estilo románico, que foi destruído por un incendio para mediados do século XVI.

Na web do mosteiro fan referencia ao rechamante gravado como bo exemplo da “picaresca medieval”. As letras vermellas fan que a inscrición,

escrita “en forma xeroglífica”, sexa aínda máis atractiva a ollos do lector. Esta frase humorística é atribuída a Pedro Rodríguez, un mestre canteiro monfortino que se encargou de levar a cabo as obras da reconstrución do claustro entre 1562 e 1582.

Pola súa banda, a orixe do nome é de ascendencia visigoda. Durante séculos foi coñecido como Mosteiro de Sámanos, pero co paso do tempo foi reducido a Samos, como é coñecido actualmente. Ademais, é o mosteiro habitado máis antigo de España, segundo afirman na súa páxina.

o inicio

Xa se poden levar os plásticos agrícolas para a súa recollida

O Concello vai realizar unha recollida de plásticos agrícolas na terceira semana de xaneiro.

Os veciños e veciñas que teñan plásticos almacenados na casa deben depositalos atados ou en fardos nos puntos de recollida existentes, que estarán habilitados en todas as parroquias do municipio.

Ademais, no Concello tamén se baraxa a posibilidade de recoller os plásticos agrícolas nas propias ex-



plotacións agrarias, para así facilitar o traballo aos gandeiros e agricultores. A seguinte recollida farase na primavera.

Aprobado por unanimidade o Plan Xeral de Ordenación

Durante a sesión de Pleno extraordinaria celebrada no Concello do Incio, aprobouse por unanimidade o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

Esta é a terceira aprobación provisional deste plan, xa que o Goberno local xa fixera a segunda a finais do ano pasado, que foi enviada á Xunta. O Goberno autonómico requiriu novos informes sectoriais como

paso previo á aprobación definitiva e unha vez obtidos os informes dos correspondentes organismos e realizadas as modificacións menores que indicaban, tiña que facerse unha terceira aprobación provisional polo Pleno.

Desta maneira, este organismo procedeu a unha nova aprobación provisional para a súa posterior remisión á Dirección Xeral do Territorio e

Urbanismo para que resolva, se procede, sobre a aprobación definitiva.

MÁIS DE 130 ALEGACIÓNS. Durante o trámite de información pública foron presentadas 132 alegacións por parte de persoas interesadas, que foron resoltas polo Pleno da Corporación Local o pasado 12 de maio de 2017. Destas, 61 (46,21%) foron aceptadas na súa integridade 61, 42 (31,82%) só parcialmente e rexeitadas 29 (21,97%).

NOVO PXOM. O alcalde do Incio, Héctor Corujo, amosou a súa satisfacción ante este “paso importante” para a aprobación do plan e lembra que un dos compromisos cos veciños era facer todo o traballo preciso para ter o documento aprobado neste mandato”.

Ademais, sostén que a revisión comezou a tramitarse hai máis dunha década para reducir o solo urbano e así rebaixar as cantidades que os veciños deben pagar en concepto de IBI.

STIHL

OFERTAS OTOÑO 2022

EL OTOÑO EMPIEZA CON STIHL

LA GAMA MÁS COMPLETA Y EL MEJOR SERVICIO

Ferretería Sarria

Pedro Saco 33. Sarria. Telf. 982 532 202

LIMPIEZAS CRIS

SARRIA

Tel. 620 54 71 50 - 686 42 80 32

Email: julio.ruben1313@gmail.com

“Queremos poñer en valor os centros de ensino pequenos”

A ANPA do colexio de Samos é a semente para as actividades do centro

Coñecemos ós membros da Asociación de Nais e Pais de Alumnos do CEIP de Samos: Jesús Manuel Vila Sanmiguel, o seu presidente, Sonia Vázquez Rodríguez, a súa vicepresidenta e Aida Núñez Díaz, secretaria e tesoureira.

Que opinión xeral observan entre as nais e pais do alumnado do centro?

Creemos que para todas as nais e pais a creación da ANPA nun colexio tan pequeno coma é o de Samos, tivo unha acollida moi positiva. Hai colaboración para calquera proposta que se fai e moi boa aceptación das ideas e actividades que se propoñen para os nenos e para a mellora en xeral do funcionamento do centro.

Que obxectivos ten a ANPA do CEIP de Samos?

Temos uns obxectivos moi definidos, que son ante todo dar a coñecer a educación no rural para poñer en valor os centros educativos pequenos e intentar conseguir tódalas melloras que estean ó noso alcance, tanto en termos de mellora educativa (con propostas de actividades extraescolares, talleres de diversa temática, charlas didácticas, saídas ou visitas guiadas) coma en acondicionamento das instalacións de recreo para os nenos (patios inclusivos, xogos compartidos...).

Que proxectos a curto, medio e longo prazo ten proxectados a ANPA deste centro?

A curto prazo, ou máis ben dito, neste momento, xa se están a realizar actividades para a Igualdade e Prevención de Violencia de Xénero, impartidas por Creados (Centro Educativo e de necesidades Educativas Especiais de Sarria) coa colaboración do

colexio, para o que se conseguiu financiamento da Consellería de Igualdade da Xunta de Galicia. Neste mesmo proxecto, entra a reforma do patio e aula de xogos que se está a levar a cabo e tamén programación de conferencias dirixidas ós pais e nais para dar a coñecer as pautas dunha educación baseada na igualdade. A medio prazo, dende o Colexio de Enfermería de Lugo, déronnos a oportunidade de que se poidan impartir talleres de Educación Afectivo-sexual na infancia, dirixidos tanto ás familias como ó alumnado e que se van realizar

“A comunicación que existe co equipo docente é inmejorable e facilitan os medios que dispoñen para difundir as ideas propostas”

tanto de forma presencial para os alumnos no propio colexio coma en forma de webinars para os pais e nais. Pero a nosa prioridade está en tentar conciliar a vida familiar e o traballo coa educación dos nosos fillos e fillas, por iso o noso obxectivo principal para conseguir a longo prazo sería o servizo de mañanceiros.

Que actividades véñense realizando de forma sistemática?

Nestes momentos estanse a ofertar as actividades extraescolares de inglés, multideporte e cursos de natación na piscina Municipal de Sarria. Dependendo da demanda e das peticións que se vaian

orixinando, poderanse ofertar máis actividades de interese.

Existe boa relación e comunicación entre o colexio e a ANPA?

A comunicación que existe co equipo docente é inmejorable, abertos a calquera colaboración e flexibilizando o horario lectivo para dar cabida ás actividades propostas pola ANPA. Facilitando os medios dos que dispón o colexio para dar a coñecer e difundir as ideas que se propoñen dende a ANPA.

E dentro da ANPA, existe en xeral unha boa colaboración da maioría de nais e pais de alumnos?

A ANPA do CEIP de Samos é moi pequena, iso favorece que a relación sexa moi próxima, case como a de compañeiros de traballo, o que fai que todo o mundo se involucre e colabore co que faga falta, tanto para dar o visto bo ós acordos que se toman, como para botar unha man no que sexa preciso.

Cales cren que son as principais dificultades ou carencias do colexio e como cren que poderían solucionarse?

Como xa comentamos, o principal obxectivo que nos marcamos, sería conseguir o servizo de mañanceiros que permita unha conciliación coa vida laboral dos pais e nais, ese sería a principal carencia que contamos se resolta nun futuro o máis inmediato posible. Para elo, intentaremos solicitar axudas económicas para a conciliación en canto sexan publicadas para optar a este servizo.

Cren que as nais/pais na actualidade están o suficientemente formados como educadores?

Pois neste suposto o ideal sería que alguén avaliasse a nosa



traxectoria como pais e nais que educamos ós nosos fillos. Non sei se estaremos o suficientemente cualificados, pero dende logo apostamos e adicamos todo o tempo que podemos a esta tarefa. E a mellora da educación dos nosos fillos e fillas é o motivo principal polo que a ANPA foi creada.

Poderían definir o centro en 5 palabras?

O CEIP de Samos é un colexio que se podería definir como unha pequena familia, cunha educación case exclusiva e personalizada a cada alumno, na que os docentes teñen unha dedicación total, e no que os nenos e nenas forxan unha amizade moi estreita que seguramente perdure co paso dos anos. Agradecemos enormemente a colaboración do equipo docente e a dedicación cos nosos nenos e nenas.



Matías López 100, SARRIA - cafeteriabar cubano@gmail.com - Tfno.: 982 886 580

DESAYUNOS Y TAPAS VARIADAS



De Lunes a viernes a partir de las 7:00 h.
Sábados a partir de las 8:00 h.
Domingo cerrado por descanso






Peluquería
Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela

617 403 579

Un quinto negocio formará parte do viveiro de empresas



O viveiro de empresas de Paradela xa está completo grazas á última incorporación dun negocio de maquinaria agrícola que completa así o quinto local que quedaba sen ocupar.

Os cinco locais contan con todos os servizos necesarios para levar a cabo a súa actividade económica e ocupan un espazo coas seguintes superficies: 172.38 m², 373.65 m², 353.12 m², 353.12 m² e 344.91 m².

O local máis pequeno é o que foi reubicado para esta quinta empresa de maquinaria agrícola, que

comparte con outras dúas sector e actividade para mellorar a vida dos gandeiros e agricultores.

Estas outras dúas empresas de maquinaria agrícola traballan á par, xa que unha encárgase dos repostos necesarios para a maquinaria e a outra é un taller que arranxa máquinas agrícolas.

As outras dúas empresas tamén son do sector industrial; unha delas está especializada na fabricación de foles e o rexedor di que é “moi moderna”, e a outra é un estableemento dedicado a robótica gandeira.



I RUTA CICLOTURISTA DOS CABALEIROS DE SANTIAGO. Con motivo do Bicentenario do Concello, o municipio organizou a I Ruta Cicloturista, que transcorre entre as paisaxes do Concello, que é fito do Camiño Francés, a Compostela.

O Concello comeza o ano con varios proxectos de habitabilidade

O Concello de Paradela comeza este ano enfocado en seguir elaborando e mellorando a súa Axenda Urbana e Rural de Paradela, dentro do plan da Axenda 2030 que marca uns obxectivos a cumprir en todos os concellos que forman parte dos países da ONU.

Nesta caso, Paradela ten moito avanzado, xa que xa se fixo o Plan de Rehabilitación do municipio que deu lugar ao primeiro estudo de desenvolvemento de Paradela. Tamén, en 2021, aprobouse o Plan de Mobilidade Sostible que se fundamenta na innovación e renovación da estrutura política en canto a sustentabilidade, reciclaxe e resiliencia. Así, alcanzouse un equilibrio normal no transporte por parte da cidadanía, fomentouse os sistemas de mobilidade alternativos, mellorouse a sustentabilidade desde o punto de vista social e ambiental e de mobilidade peonil.

Incorporouse tamén a implementación da nova política contra o cambio climático e, coa necesidade de atender á poboación do rural, as políticas para mellorar e conservar o medio rural e mellorar a calidade de vida.

Por outra banda, o Plan de Acción local de Paradela que se aprobou en agosto de 2022 foi galardonado cun premio por parte do Ministerio de 50.000 euros ao ser o único municipio de Galicia de menos de 5.000 habitantes que ten ben implementada toda a política sobre sustentabilidade.

O alcalde de Paradela, José Manuel Mato Díaz, di que para este ano “hai algúns proxectos interesantes en busca de financiación para levalos a cabo, xa que temos todo implantado para poder levalos a cabo”.

Estas actuacións se basean en facer cumprir os obxectivos estratéxicos, como a recuperación do Campo da Feira ou a mellora da rúa Cabaleiro de Santiago para facela unha vía máis “humanizada, transitable e bonita, con certo encanto”, como explica o rexedor.

Outras iniciativas son a mellora do casco antigo, dentro da capital, no núcleo de patios e a recuperación dos muros antigos nun entorno “precioso”, di Mato.

E no caso da contorna natural, o alcalde fai fincapé nun plan de acción en canto ao Río Loio, que comeza no punto máis álxido de Paradela,

e que ten un grande interese local e turístico. Por isto, é importante coidar da contorna do Río Loio e a súa vexetación, que se viu danada ultimamente por mor das chuvias. Ademais disto, cabe destacar que Paradela encadrouse nun plan a nivel europeo chamado Nova Bauhaus, a través do Sergas, que fomenta a mellora das vivendas. Así, desde o Concello apostan tamén por mellorar a calidade de vida dos seus habitantes co obxectivo de fixar poboación no municipio. Aínda están na fase inicial de desenvolvemento e de como se pode adherir Paradela ás subvencións deste plan, pero teñen ganas de poñerse en marcha.

NOVA BAUHAUS. É unha iniciativa creativa e interdisciplinar que abre un espazo de encontro para deseñar futuras maneiras de vivir e sitúase na encrucillada entre arte, cultura, inclusión social, ciencia e tecnoloxía. A iniciativa leva o Pacto Verde Europeo aos lugares onde vivimos e chama a un esforzo colectivo por imaxinar e construír un futuro sostible, inclusivo e fermoso para a mente e para a alma de todos.


Estiman en máis de 500.000 euros os danos polas chuvias

O alcalde de Paradela, José Manuel Mato Díaz, anunciou que se están levando a cabo as labores de calificación de danos en Paradela debido as chuvias e o temporal da semana pasada.

Con motivo da ponte de Reis, os enxeñeiros non puideron empezar a análise de danos ata o día 9, mais o alcalde cre que son importantes e a cuantía do seu amaño superará os 500.000 euros, xa que explica que a reconstrución de pontes ascenderá aos 160.000 euros, máis os danos en camiños e na Ruta do Loio.

A Ruta do Loio tivo que ser pechada aos viandantes debido ao volume das precipitacións que supuxeron que algúns puntos da ruta chegasen a estar intransitables.

Os grandes danos que sufriu supuxeron a caída de tres pontes que tiñan, como defende o rexedor, “anos de antigüidade” e tamén a rotura de madeira moderna que fora instalada para



mellorar as condicións dunha ruta que é un atractivo vital para o turismo de Paradela.

Tamén foi danado o Camiño de Santiago á súa pasada por Paradela, así como as estradas lindeiras e as portas laterais do Muíño Riotorto.

ENCHENTES DOS RÍOS. Outra das consecuencias que trouxeron as chuvias foron as cheas dos leitos dos ríos, que poderían terse evitado, como di o rexedor,

se os ríos estiveran limpios, e aproveita a ocasión para pedir que “este pode ser un motivo para limpalos”

“Hai un déficit de pesca debido a que os ríos non están limpos e perdemos a oportunidade de desfrutar da pesca da troita, tan típica de Paradela”, explica o alcalde, quen responsabiliza desta circunstancia á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, que “debería ofrecer recursos para coidar o patrimonio dos municipios”.

ALBORADA
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H
646 046 954



WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

DEPUTACIÓN

O Pleno provincial aproba as bases do Plan Único do 2023

O Goberno da Deputación de Lugo sacou adiante no Pleno ordinario de decembro o Plan Único de Cooperación cos Concellos para o vindeiro ano 2023, ao que destina 21,5M€ para desenvolver actuacións en materia de infraestruturas, creación de emprego, Servizo de Axuda no Fogar, actividades, eventos, administración electrónica ou protección civil. Os grupos do PSdeG e o BNG votaron a favor da iniciativa, mentres que o PP se abstivo.

O presidente, José Tomé Roca, subliñou a importancia de aprobar, por terceiro ano consecutivo, as bases do Plan Único no ano anterior ao seu período de vixencia porque, desta forma, as entidades locais “poden empezar a planificar e tramitar as accións unha vez se publiquen, nos vindeiros días, no Boletín Oficial da Provincia”. Isto permite aos concellos planificar con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo,

de forma que poidan poden aproveitar mellor os fondos.

O mandatario provincial destacou que a aprobación deste Plan nestas datas é posible grazas a que o Goberno sacou adiante en tempo e forma o Orzamento da Deputación para o vindeiro ano, de maneira que entrará en vigor a principios de xaneiro. Pola súa banda, a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, incidiu durante a sesión plenaria en que co Plan Único a institución garante “un reparto xusto dos fondos públicos con criterios obxectivos, iguais para todos”, e “respecta plenamente a autonomía municipal”.

A Deputada lembrou as continuas melloras introducidas no Plan Único este mandato para que sexa máis útil para os concellos, como a aprobación das bases no ano anterior o seu período de vixencia, a posibilidade de imputar gastos de obras e contratos de persoal dende principios de

ano ou a simplificación dos trámites administrativos, especialmente beneficiosa para as entidades locais máis pequenas, que teñen menos recursos técnicos e de persoal.

Como exemplo do “impacto social e económico” desta ferramenta, a voceira socialista aludiu a que a Deputación inxectou dende o ano 2019 un total de 85,3M€ nos concellos, grazas ós que puideron acometer en torno a 1.500 obras e subministracións, e cos que crearon máis de 1.200 postos de traballo.

O Plan Único 2023 da Deputación mantén a súa esencia a través da distribución con criterios públicos e obxectivos dos fondos provinciais entre os 67 concellos da provincia. A poboación, a superficie, a dispersión territorial e a taxa de envellecemento, segundo os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística, son os criterios de reparto que aplica a institución.

Lanzan a terceira tempada do programa Coñece a túa provincia

A Xunta de Goberno aprobou as bases para poder lanzar o vindeiro ano 2023 a terceira edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia. A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, sinalou que a institución provincial prepara xa unha nova tempada desta iniciativa “ante o enorme éxito que tiveron as dúas edicións anteriores, nas que participaron máis de 4.500 persoas”. Lembrou García Porto que este programa da Deputación está dirixido a asociacións e colectivos sen ánimo de lucro de toda a provincia e consiste en viaxes gratuítas, en pequenos grupos, dunha xornada de duración por diferentes puntos da xeografía lucense seguindo diversas rutas polo patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico.

“Esta é unha das medidas que puxemos en marcha neste mandato co obxectivo de incentivar o turismo de proximidade, a hostalería e o comercio local, que son un dos motores importantes da nosa economía”, subliñou a voceira provincial.

A Deputación ofertará un máximo de 3.036 prazas en dous períodos: un na primavera, entre marzo e xuño, para os que haberá ata 1.794 prazas; e outro no outono, entre os meses de setembro e decembro, durante os que ofrecemos 1.242 prazas.

Aprobado o primeiro Plan de Igualdade



A Corporación aprobou por unanimidade o primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes na historia da Deputación. O Goberno provincial, por iniciativa do presidente, José Tomé Roca, marca así un fito no camiño cara a igualdade de xénero real e efectiva, sacando adiante co consenso de todas as forzas políticas e sindicais un instrumento de modernización da administración para seguir avanzando cara un sistema de xestión máis igualitario no ámbito laboral.

María Loureiro explicou que se contemplan 7 eixos de actuación que abarcan todos os ámbitos, desde a selección de persoal á promoción, pasando pola política salarial, a or-

denación do tempo de traballo e a conciliación.

Entre as materias que aborda o acordo, asinado polas catro organizacións sindicais representadas na Deputación, está o proceso de selección e contratación, a clasificación profesional, a formación, a comunicación e linguaxe non sexista, as condicións de traballo, o exercicio corresponsable dos dereitos da vida persoal, familiar e laboral, a baixa representación feminina e a prevención do acoso sexual ou por razón de sexo.

A Corporación, a proposta do presidente, gardou un minuto de silencio ao inicio do Pleno en recordo das persoas falecidas no accidente de autobús en Cerdedo-Cotobade.

Instan á Xunta a cumprir “coas súas obrigas en materia de atención sanitaria”

O Pleno aprobou unha moción presentada polo Grupo Socialista para instar á Xunta a que cumpra a sentenza 05354/2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), co fin de adoptar as medidas oportunas para cumprir coas súas obrigas en materia de prevención de riscos laborais, de valoración da carga de traballo e a avaliación dos riscos dos postos de traballo, non só dos médicos de Atención Primaria e de pediatría, senón do conxunto dos profesionais do sistema público sanitario de Lugo e Galicia. O PP abstívose na votación.

A voceira socialista do Goberno e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, denunciou na súa intervención “as condicións laborais do persoal sanitario, pola carga de traballo que están soportando os facultativos, unha situación que

vén de confirmar unha sentenza xudicial que sinala que se vulneran eses dereitos, así como as consecuencias do desmantelamento deste servizo público”.

García Porto incidiu en sinalar que “o modelo sanitario do PP non concorda co que defende o Goberno da Deputación, xa que demandamos máis e mellor sanidade pública. Nós entendémola como un servizo esencial e como un dereito en igualdade de condicións para tódalas persoas. Dende que o PP chegou ao Goberno da Xunta lanzaron un ataque progresivo e destrutivo contra a sanidade pública, e polo tanto contra a saúde dos galegos e das galegas”.

Explicou que dende a Xunta enfocaron o problema sanitario “en economizar este servizo, e adicaronse a practicar un austericidio constante na sanidade”.



Impulso de medio cento de accións para consolidar o turismo

A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presidiu no Salón de Plenos da Deputación a última reunión do ano deste órgano participativo e consultivo impulsado pola institución provincial, ante o que explicou a programación realizada ao longo deste ano 2022, con medio cento de accións distintas.

A deputada subliñou que estas actuacións cumpriron un dobre obxectivo. “Por unha banda, converteremos o turismo nun dos eixos da acción política da Deputación, apostando por un sector que achega riqueza e emprego, que difunde a imaxe da provincia lonxe das nosas fronteiras e que, dun xeito fundamental, xera

opcións de desenvolvemento no rural e axuda a fixar poboación no territorio”, afirmou. E por outra banda, “avanzamos cara a consolidación do modelo turístico da Deputación, de calidade, sostible, non masificado e desestacionalizado”. Un modelo, sinalou García Porto que “aproveita o inmenso patrimonio natural e cultural da nosa provincia”.

A institución, sinalou, busca “sinerxías transversais, de xeito que unhas accións reforcen ás outras”, e fomenta “vagas de interese que chegan cada vez máis lonxe”, ao tempo que fixo “un importante esforzo por potenciar o turismo de proximidade, de pequenos desprazamentos que se poden realizar en calquera momento do ano e que resulta fundamental para a desestacionalización”.

COLABORACIÓN

Ensino e redes sociais

O PUPITRE



Julio Díaz

Un de cada tres adolescentes no noso país fai un mal uso das redes sociais, segundo un informe de Unicef. O estudo, no que participaron máis de 50.000 estudantes da ESO, revela que preto do 91% dos enquisados conéctase a internet todos ou case todos os días e, a maioría, senten relaxación, alegría ou diversión ao facelo.

As redes sociais xogan un papel clave no actual mundo dixital, xa que modifican a forma en que planificamos, interactuamos e, mesmo, gozamos das nosas vidas. Son múltiples as vantaxes das redes sociais na educación se somos capaces de aplicarlas de xeito adecuado nas nosas clases.

O mundo da educación non pode quedarse á marxe da profunda transformación dixital no que estamos inmersos e debe ir incorporando cambios que nos leven a un bo uso das distintas aplicacións, tanto por parte dos docentes como dos alumnos, no que se refire á xestión de tarefas, as clases online, as aulas virtuais, á robótica... gústenos ou non, os nosos estudantes son nativos dixitais e nin o ensino nin o profesor somos quen de evitar esa realidade.

As redes sociais teñen múltiples vantaxes; fai anos era inimaxinable a relación e convivencia de alumnos de diferentes lugares a miles de quilómetros, promovendo deste xeito unha socialización global dos mesmos desde diferentes culturas.

As diferentes redes sociais tamén axudan ao alumno a fomentar a participación, a atopar recursos e, ademais, ponlle ao alcance da súas mans unha gran cantidade de infor-

mación, ca vantaxe engadida que estes recursos están en constante actualización, polo que son perfectos para tratar temas de total actualidade.

O conxunto de habilidades requiridas aos estudantes do século XXI sufriron unha profunda mutación con relación a épocas pasadas, sendo as redes sociais as que xogan agora un papel clave para axudar aos nosos alumnos a desenvolverlas. Pero non se trata só dun lugar de aprendizaxe senón tamén dun espazo para a creatividade, a colaboración e a comunicación. Agora ben, que os nosos rapaces sexan nativos dixitais non sempre se traduce en que teñan as competencias tecnolóxicas axeitadas. Usar as redes sociais no entorno educativo e con fins educativos contribuirá a que se decaten da súa utilidade profesional e formativa máis alá do ámbito do ocio e do entretemento.

Dito todo o anterior, e ante a recen-

te proposta presentada no Observatorio Estatal da Convivencia Escolar de que os docentes asuman a vixilancia do uso das redes sociais por parte do alumnado monitorizando os comentarios e os hashtags, hai que sinalar que este procedemento está inspirado nun estudo elaborado polo Instituto Nacional de Ciberseguridad (INCIBE), seguindo a liña emprendida por algúns centros de ensino norteamericanos. Con todo, estes centros encargaron a empresas especialistas en monitorización este seguimento para controlar o que poñen os seus estudantes nas distintas redes sociais como Facebook, Twitter, Tuenti, Instagram... Deste xeito, resulta moi discutible atribuír esta función ao profesorado, entre outros motivos, por carecer o colectivo docente de cobertura legal ante a responsabilidade civil e penal que puidera derivarse de dita actividade.

Como docentes, asumimos con se-

riedade e rigor o noso papel na prevención e detección do ciberacoso desde a nosa condición de formadores, pero outra cousa distinta e a vixilancia do uso das redes sociais que supón necesariamente a intrusión nas contas persoais privadas do alumnado, cuestión esta que compete os proxenitores no caso de menores de idade, é a outras instancias superiores no caso dos maiores de idade.

O profesorado debemos implicarnos orientando ás familias e aos nosos estudantes nun uso adecuado das redes e de internet, transmitíndolle aos pais a mensaxe da importancia de controlar e supervisar o uso que os menores fan das TICs, tendo eles a obriga de fomentar nos seus fillos un uso adecuado das novas tecnoloxías e trasladarlles ao mesmo tempo as consecuencias e as reponsabilidades derivadas do mal uso que fagan da Web. Educar antes que prohibir.

Momentos

CULTURA



Rebeca Maseda

Sempre se di que a vida é unha sucesión de momentos máis ou menos aleatorios, que debemos vivirla con intensidade, que nunca se sabe o que vai acontecer. Abofé que esta serie de afirmacións é bastante acertada, por suposto, con matices. Por máis que nos esforcemos, hai moitos detalles do transcurso dunha vida que escapan ao noso control. É un feito innegable, gústenos ou non. O azar e o aleatorio son factores que debemos aprender

a asumir con normalidade, incluso a aceptalos con certa ilusión. Non ter o control do mundo que nos rodea a cada momento pode resultar ata liberador. Seguro que en máis dunha ocasión escoitamos a expresión “déixate levar!”, e sexamos francos, como presta de vez en cando.

Tomar un café nunha terraza mentres lemos o xornal ou un libro que nos gusta, unha conversa entretida coa persoa sentada ao teu carón nos minutos previos ao comezo dunha función teatral, unha cea de Nadal con amigas e amigos que viven lonxe de ti, un paseo solitario no frío do inverno, recibir unha mala nova, unha tarde de sofá e manta na casa nun día tristeiro, botar unha semana

con gripe, discutir con alguén por un tema importante ou non... Momentos que van compoñendo unha vida, como unha sinfonía cos seus movementos ou un libro cos seus capítulos. Non todo é transcendental ou épico, por fortuna claro.

En contraposición á idea de cotianidade da vida, están os momentos que cambian o devir da historia, momentos únicos e irrepitibles nos cales os seres humanos poden participar activa ou pasivamente. Sobre este asunto é de obrigada mención a obra do escritor austríaco Stefan Zweig (1881 – 1942) que leva por título “Momentos estelares da humanidade”. Probablemente sexa o libro máis famoso do escritor e representa

todo un fito na arte da miniatura histórica e literaria. Os acontecementos que reúne baixo este título tan atraente son moi variados: o ocaso do imperio de Oriente, no que a caída de Constantinopla a mans dos turcos en 1453 adquire o seu signo máis visible; o nacemento do “Mesías” de Händel en 1741; a derrota de Napoleón en 1815; o indulto de Dostoiévski momentos antes da súa execución en 1849; a viaxe de Lenin cara a Rusia en 1917... «Cada un destes momentos estelares—escribe Stefan Zweig con acerto—marca un rumbo durante décadas e séculos», de maneira que podemos valoralos como puntos fundamentais de inflexión na historia e tamén lelos

nestas catorce miniaturas históricas coa fascinación que sempre nos produce Zweig. Poderíase dicir que a biografía do propio autor está chea de momentos “estelares”. Membro dunha acomodada familia xudía, inicia a súa carreira literaria traducindo a Charles Baudelaire e a Émile Verhaeren. Ante o estoupido da Primeira Guerra Mundial, Zweig declárase pacifista e estreita lazos de amizade con Romain Rolland. Uns anos despois instálase en Salzburgo e, tras fuxir de Austria en 1934 polo auxe do nazismo, refúxíase en Londres. Desgraciadamente o triunfo alcanzado polas forzas de Hitler en Europa pártelle o corazón e remata por suicidarse xunto coa súa muller durante unha viaxe a Brasil. Un triste final para un dos grandes xenios do século XX. Xa se sabe, intelixencia e fascismo nunca foron da man. A historia da humanidade sempre oscilou entre momentos de barbarie e xenialidade nun equilibrio moi fino, como se dunha balanza irregular se tratase, a cal, nun intre, pode romperse e decidir o futuro en direccións moi incertas. Nuns días comezará un novo ano e traerá de todo, guerra e poesía, ben e mal. Que momentos estelares nos deparará o 2023? Non nos quedará outra que ilos descubriendo pasiño a pasiño.

PINTOR
PINTURAS HOGAR
LATAS
tel.: 659 76 79 36

PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936
HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES
C/ Benigno Quiroga,
93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)

ADARVE
DESAYUNOS - TAPAS
RACIONES
Calvo Sotelo 211, 27600 Sarria / Tel.: 982 886 818

A miña naiciña

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

O primeiro que se me ocorreu facer á hora de comezar esta columna foi buscar a definición de nai no dicionario da RAG e atopei isto: muller, ou femia en xeral, que tivo un ou varios fillos. E non fixen máis que estar en profundo desacordo. Motivo polo cal, pechei de novo o aparello no que estaba a escribir e deixei un documento en branco con tan só unha liña solitaria ao comezo. Pode que non fose unha decisión acertada neste caso, pero é o que acostumo a facer cando teño un problema semántico, buscar no dicionario. Transcorreu o día cunha pasmosa normalidade ata que pola tardiña decidimos ir ao cine ver unha estrea mundial, Avatar. E aí xa deron unha definición que me gustou máis, porque acae mellor, un pai protexe á súa familia, este é o mantra que o ex-marine Jake Sully se repite a si mesmo durante varias etapas da súa nova

vida ao longo de toda a película. Cando teño unha preocupación, ou algo me perturba o maxín, adoito ver sinais por todas partes, todo me recorda á teima que me ocupa, querendo ou sen querer. Falo coa nai do meu alumno P. que me vén traer un galano que quedou baixo da súa árbore esquecido porque no papel poñía o meu nome. Falo con ela e lembro conversas que manteño con moitas nais e pais ao longo das semanas. É ben certo iso de que non hai un manual de instrucións para cos fillos, e permítome recordarlle que o está a facer moi ben, porque toma todas as decisións procurando o mellor para o seu pequeno homiño preuniversitario, polo que todas son boas. Independentemente de que se esté a equivocar, decide procurando a felicidade do seu fillo. Iso é o que sempre fixo a miña nai, antepoñer a miña felicidade. Priorizárame por riba do seu alento na meirande parte das ocasións. Hai unha frase que repite a miúdo, cando debatimos sobre a educación dos agora máis cativos da casa: "A mellor herdanza que che puiden deixar foi formación e educación." E, efec-

tivamente, se hoxe son Matemática, así con maiúsculas, é por obra e grazas da miña nai. Porque cada vez que a chamaba sen folgos querendo deixar a carreira, sabía o que me había dicir. Lonxe da realidade idílica, a súa contestación acostumaba a ser, "Bueno, vente, mañá érgueste ás cinco da mañá e téñoche eu traballo no que non teñas que empregar a cabeza". Malia que moitas veces eu pensase que o que precisaba eran palabras de alento, a ela funcionoulle, porque nunca me vin de volta para traballar e sempre avoguei por erguer a cabeza e seguir, ou mellor dito, baixar a cabeza e seguir estudando malia que me escorresen as bágoas polas meixelas. Non terei a nai máis doce do mundo, pero para min si que foi a millor. E os que temos esa sorte, de ter uns pais entregados e bós, nunca agradecemos o suficiente a dedicación e empeño que poñen en facer de nós unhas boas persoas, aspiración máis grande sempre de Belén. Se todo poder conleva unha gran responsabilidade, non me cabe dúbida de que a de ter un fillo é das máis difíciles, e probablemente tamén

das máis satisfactorias, pero para todo hai que valer. Todos estamos de acordo en que nai é a que cría, e hai maneiras e maneiras de criar. Dixo Mandela que nada di máis da alma dunha sociedade que a maneira en que trata aos seus fillos, e coído que deberamos reflexionar sobre isto, sobre o que estamos a facer cos máis novos, e digo facer, e non dicir, porque son das que pensan que educar pasa por exemplificar. Aínda que sone a tópico, cada vez estou máis de acordo en que somos o que vemos na casa. Porque a primeira mestra dun neno é a nai, nais que me din que ter un fillo é coma partir o corazón en anacos para entregarlles un pedaciño a cada un. Por iso non hai termo para cando unha nai perde un

fillo, porque non hai palabra capaz de cuantificar tanta dor. Malia que nos semelle sempre que son demasiado duros para nós, é certo o que di Poncela, por moi severo que sexa un pai xulgando un fillo, nunca é tan severo coma un fillo xulgando un pai. Todo canto son, débollo á miña nai, porque foi a nai perfecta, porque para iso, hai un millón de maneiras de ser unha boa nai. Pode que non esté ao alcance da nosa man preparar o futuro para os nosos fillos, pero podemos preparar aos nosos fillos para o futuro. Por eso me fai tan feliz o meu traballo, porque podo participar na formación de ducias de futuros científicos, ou polo menos, de ducias de boas persoas, que é o realmente importante.

Animación navideña no Rural

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Independentemente de como viva cada quen esta época do ano, non cabe dúbida que son unhas datas significativas para todos nosoutros. Existen uns hábitos e costumes que en maior ou menor medida seguimos; desde as comidas e ceas típicas, de traballo e familiares, ata reencontros cos que non sen ven en tempo, sen esquecer, por suposto, a lotaría ou os agasallos, o Nadal con maiúsculas condiona a vida da xente e ningún por moito que o pretenda, logra evadirse. Sen ningún xénero de dúbidas. O significado relixioso tamén está aí, non se pode negar. O mundo Cristián conmemora o nacemento do Neno Xesús en Belén de Xudea, o berce da relixión que se iría estendendo cara Occidente e á que a pertencen máis de mil millóns de persoas no conxunto do planeta. E nosoutros, os galegos, crentes e non crentes, practicantes ou non, estamos masivamente nese grupo.

O nadal sempre se celebrou con entusiasmo nas zonas rurais do País; non hai máis que escoitar as historias dos maiores quen narran como se xuntaban e percorrían as aldeas

de casa en casa para cantar os reis e recibir o anigaldo. En épocas de escaseza, existía un lugar para a esmorga, a alegría e a esperanza. Sen moitos luxos, mellor dito, case sen ningún, pero con ilusión.

Co paso do tempo, paseniño veuse asistindo a unha merma considerable da poboación. Cada vez menos nenos, cada vez máis vellos e por conseguinte, descenso do número de veciños, o que foi conducindo ao que todos sabemos e contemplamos, sen que se poda deter esta tendencia.

Pero aínda así, a realidade que semella tan negativa non derrotou a fantasía de días tan sinalados. En tódolos concellos se esmeran por iluminar e adornar alomenos as rúas das

capitais municipais, dándolle o toque durante un mes, con luces de cores que alegran a vista. Cómpre engadir tamén os aportes de particulares, quen engalanan as súas casas, non só para dentro, senón tamén por fóra, facendo partícipes aos viandantes do seu inxenio. Outros non teñen reparo en colocar a árbore en lugar visible, ou poñer un nacemento para o disfrute de quen o queira ver.

Os concellos, como a administración pública máis próxima aos cidadáns, tamén poñen da súa parte. Así, a tradicional cabalgata de reis, o cinco de xaneiro, onde se fan as delicias non só dos máis pequenos, senón tamén do conxunto dos veciños e veciñas, que disfrutaban da

O RECUNCHO DE CANELINA



chegada das súas maxestades, ben en carros tirados por vacas rubias, ou ben en tractor. Calquera medio de transporte é válido. E como non, incluso mercadiños como o que se celebra en Begonte, que na súa segunda edición semella plenamente consolidado, e no cal comprobamos

como emprendedores de diferentes puntos xeográficos acudiron a vender os seus produtos, desde alimentarios ata artesanais. Todo elo contribúe a dinamizar as zonas rurais e a darlles un valor que sempre tiveron e que nos temos que negar a que o perdan.

Vazquez Autos

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

pelayo
Agente Exclusivo

GESTEGA

OFICINA TÉCNICA AGROFORESTAL

GESTIÓN CINEGÉTICA - PROYECTOS AGRÍCOLAS
PROYECTOS FORESTALES - TOPOGRAFÍA
GESTIÓN CATASTRAL - REPOBLACIONES FORESTALES
ORDENACIÓN DE MONTES

Avenida Calvo Sotelo, 126 Entlo. B - 27600 Sarria (Lugo)
Tel. / Fax: 982 886 487 - Móvil: 607 192 475

DEPORTES

Bo remate de ano para o CB Sarria

Por Adrián Fernández.

Rematamos o ano 2022 con moito baloncesto e bos resultados en case tódalas categorías para o CB Sarria.

Na categoría Premini (Benxamín) feminina tanto o Fisioterapia Ivonne Castro coma o Cementos Cosmos ocupan as dúas primeiras posicións, as primeiras lideran a taboa con 5 vitorias e ningunha derrota, mentres que as segundas comparten a segunda praza con Ensino blanco e Cidade con 2-2. Na categoría masculina o Corbar Sarria ocupa a cuarta praza con 2-2 empatado con Ensino blanco no grupo A, e o María T. Martínez ocupa a Segunda posición tamén con 2-2 no grupo C.

Na categoría Mini (Alevín) ámbolos dous están na primeira división con resultados parecidos, o Autovalfer Sarria feminino vai primeiro con 4 vitorias e 1 derrota e o Oribio Construcciones masculino vai segundo cunha vitoria máis (5) e tamén 1 derrota.

Na categoría Pre-infantil feminina o Casa Barbadelo van cuartas con 3 vitorias e 1 derrota mentres que os seus compañeiros do Cementos Cosmos Sarria da segunda infantil masculina ocupan a segunda praza con 5-1.

Na categoría Cadete ámbolos dous equipos, feminino e masculino

culino levan resultados parecidos, o Saneamientos Sarria feminino ocupa a primeira posición con 5-1 empatadas co Cidade de Lugo despois de perder contra elas na última xornada, e o Oral Design masculino ocupa a segunda praza coas mesmas vitorias (5) e unha derrota máis (2), empatados con Estudiantes. Na categoría Junior as cousas non van tan ben, pero seguro que melloran para o 2023. O Castro Agrasar Sarria feminino ocupa a 11ª posición con 1-7 eso si, na primeira división, mentres que o MGR Sarria masculino vai 5º con 3 vitorias e 4 derrotas empatado con Costa Artabra.

E por último repasar a categoría Sénior, na que o Floristería Madeira Sarria feminino ocupa a cuarta posición con 6 vitorias e 4 derrotas empatadas co CB. Do Lea e as de Laracha, mentres que o MGR Sarria masculino van segundos tras perder no último partido do ano ante o Terra Chá en Vilalba, con 5 vitorias e 3 derrotas empatados con Basquet Coruña S e Calvo Artai nunha liga moi igualada. E por último, os máis pequenos tamén puideron despedir o ano celebrando a primeira xornada de Baby Basket da tempada 2022/2023, e que sexan moitas máis o ano que vén.

A volta ciclista 'O Gran Camiño' terá lugar no mes de febreiro

Lugo será o punto de inicio da volta ciclista profesional O Gran Camiño, que por segundo ano traerá a Galicia o mellor ciclismo internacional, co patrocinio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e que se celebrará o vindeiro 23 de febreiro.

Coa Muralla e o Camiño Primitivo como pano de fondo, a cidade de Lugo será escenario dunha etapa, a primeira desta volta, que culminará en Sarria, punto de referencia do Camiño Francés. Así se deu a coñecer no acto de presentación da etapa na que interviron o deputado de Deportes, Efrén Castro, o tenente alcalde de Lugo, Rubén Arroxo, o responsable da organización, Ezequiel Mosquera, e o exciclista Álvaro Pino, embaixador da proba.

Efrén Castro sinalou a "capacidade que ten o ciclismo para mostrar o noso país" e enmarcou, nese contexto, "a decisión sobre o percorrido, que ten como referencia dous puntos icónicos, como son a Muralla de Lugo e o Camiño Primitivo, na saída, e Sarria, referente do Camiño Francés, na chegada". A falta de concretar o trazado, adiantou que "será un escape para o patrimonio arquitectónico e natural de Lugo e do sur da provincia, achegando o pelotón ás localidades".



O tenente alcalde Rubén Arroxo agradeceu á Deputación e á organización que "contasen para a saída da proba con Lugo, e concretamente coa Muralla de Lugo, un patrimonio que temos que seguir potenciando". "Unha boa forma de facelo é con eventos coma este, que se vai poder ver en pantallas de todo o mundo". O acto celebrouse na praza da Mosqueira, coa participación tamén da vicepresidenta da Deputación de Lugo, Maite Freire, a concelleira de Participación e Servizos á Veciñanza, Cristina López, e o concelleiro de Infraestruturas, Álex Penas. O Gran Camiño serán catro etapas, entre o 23 e o 26 de febreiro, unha por cada unha das provincias galegas, sumando ao propio espectáculo do ciclismo

profesional internacional a promoción do territorio.

O Gran Camiño, que a pasada edición pechou cunha contrareloxo en Sarria, permitiu o ano pasado que as paisaxes galegas chegasen a millóns de espectadores de todo o mundo a través das súas canles de difusión e, principalmente, da emisión de Eurosport, constituíndo unha auténtica xanela ao mundo para Galicia. Tamén nas estradas, devolveu aos galegos a posibilidade de gozar dunha volta ciclista profesional 20 anos despois da última Volta a Galicia destas características.

A organización confirmou este luns a presenza na proba do considerado mellor equipo do mundo, Team Jumbo-Visma Cycling.

TELÉFONOS DE INTERESE

LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77
Garda Civil: 982 54 31 47
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

PARADELA

Concello: 982 54 11 01
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

SARRIA

Concello: 982 53 50 00
Policía Local: 982 53 08 50
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11
982 53 21 12 / 982 53 21 13

SAMOS

Concello: 982 54 60 02
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

O INICIO

Concello: 982 42 70 14
Garda Civil: 982 42 00 46
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77

TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TRIACASTELA

Concello: 982 54 81 47
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@sarriaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 57-2021

O fútbol, listo para o segundo asalto

A liga reanudouse a primeira fin de semana de xaneiro tras un descanso de tres semanas, algo máis nas categorías máis elevadas



A liga 2022-23 retomouse a primeira fin de semana de xaneiro tras un descanso de tres semanas, algo máis nas categorías máis elevadas e tamén noutras, que esperarán ata a fin de semana do 14-15 para volver saír ao verde.

Esta primeira fase trouxo un pouco de todo aos distintos equipos da provincia. O mellor situado nas categorías sénior, o Lugo, que milita na Segunda División, marchou ao descanso na parte baixa da táboa, no posto 19 e moi preto da zona de descenso. Retomouse a competición o pasado venres 6 de xaneiro, en Leganés.

Tampouco foi moi boa a tempada para o Polvorín no seu debut na Segunda B. O equipo lugués sumou 11 puntos en 15 xornadas, nos que gañou en dúas ocasións, empatou en 5 e perdeu en 8.

Con 7 vitorias, seis empates e 1 derrota o Vilalbés marchou de vacacións en Terceira, no posto de prata e con aspiracións unha vez máis a xogar o ascenso, polo que leva pelexando xa varias tempadas.

No mesmo grupo está o Viveiro, na zona media da táboa, só 9 puntos por debaixo, con 5 vitorias, 3 empates e 6 derrotas.

En Preferente a Sarriana é o mellor situado de todos, na segunda posición e a 6 puntos do líder. Sumou 11 vitorias polo momento, 1 empate e 4 derrotas.

Once puntos por baixo, na décima praza, o Residencia pechou este primeiro ciclo de Liga con 6 vitorias e 5 empates, os mesmos que derrotas. O Ribadeo está na posición 13, tamén con 6 vitorias pero neste caso con 8 derrotas e 2 empates.

Tres equipos máis están na parte baixa, loitando por conservar a categoría, o CD As Pontes, que cambiou de adestrador, ocupa a posición 16 con só 3 vitorias en 16 encontros. O Lemos está na mesma situación aínda que cunha vitoria máis pero con máis derrotas.

O debutante Portomarín pagou caro o ascenso, xa que colleitou só 6 puntos dunha vitoria e tres empates.

Xa nas competicións de afeccionados, o Pol lidera a táboa de Primeira con 12 vitorias de 16 partidos e unha única derrota. Ao equipo polense escapóuselle o ano pasado o ascenso pero este ano ten claras as ideas.

Na Segunda, o Meira está comodamente asentado no liderado do grupo Norte, con 33 puntos, 4 máis que o segundo, posto que ocupa o Folgueiro, que xunto con Cospeito, Muimenta e Iberia están en postos para disputar os play off de ascenso. A parte negativa está para o Goiriz, que pecha a lista.

No Sur, a situación está máis apertada. O Friol lidera con 2 puntos de vantaxe, 10 vitorias, 2 empates e 2 derrotas. Os postos de play off son para Guntín, Ferreira, Oural e Becerreá e o de descenso para o Carballedo.

En Terceira, o Vilalbés B, que vén de crearse, ocupa o liderado con ampla vantaxe de 6 puntos e ten a promoción na súa man. No posto de prata está o Catro Roldas, tamén en posto de promoción. Para os play off están Abadín, Mondoñedo, Nuevo Nausti e Friol B.

No Sur, as dúas primeiras prazas son

para Quiroga e Palas, mentres que os play off están ocupados polo de agora por O Incio, Rubián, Castroverde e Santa Comba.

Nas ligas femininas o Friol ocupa a posición 15, a penúltima no seu grupo de Segunda División tras unha dura tempada na que só se levaron dúas vitorias.

En Primeira Galicia o Lugo está a facer una espectacular tempada. Ocupa a terceira praza, dentro do grupo de ascenso. O Antas, pola contra, sancionado por un partido, segue co marcador a 0 malia ter gañado un único partido. Está a pasarlle factura o escaso do banco.

Na Segunda Galega, o Friol B só coñece a vitoria polo momento como líder absoluto do grupo onde están incluídos todos os equipos da provincia. Nos outros catro postos para a promoción de ascenso están os lugueses San Lázaro, Chantada e San Roque; co Carballedo na sexta praza, que podería participar tamén no ascenso na segunda fase. Monte Forte, que empezou moi ben pero caeu posicións, e Milagrosa sobreviven na parte morna da táboa e a Comercial, escasa de efectivos, pecha o grupo.

FÚTBOL BASE NACIONAL E GALEGO. Nas categorías nacionais, o Lugo

A, na División de Honra xuvenil, está quinto tras outro gran inicio de tempada. O B está na parte morna, mellorando día a día pero nunha zona perigosa, aínda que os últimos resultados apuntan un bo traballo.


Os equipos do Lugo das máximas categorías cadete e infantil teñen resultados dispares. Os maiores están sétimos mentres que os máis pequenos están nunha discreta posición 13 de 16 equipos. O cadete do Viveiro, que debutou este ano, segue a obter resultados castigadores e no sae do fondo da táboa. Nas categorías galegas, o Viveiro xuvenil está sétimo, seguido do Vilalbés, que queda na posición 11. O Residencia ocupa a 13, o Milagrosa a 15 e o Ribadeo pecha a lista no posto 20 cunha única vitoria.

Na cadete o Lugo B é o mellor da provincia e xa está cuarto mentres que Milagrosa e Viveiro están na parte baixa. O Calasancio, no grupo do sur, ocupa a novena praza. Ten as mesmas vitorias que derrotas (8) e 1 empate.

Tres equipos representan á provincia na infantil. Viveiro e Vilalbés ocupan o medio, prazas 8 e 9 respectivamente. O Residencia está 13 dos 16 que hai.

Nos grupos femininos o Milagrosa e o Friol cadetes pechan a lista de equipos na clasificación e as albivermellas infantís ocupan xa a cuarta praza.

Nas ligas provinciais, o Piringalla, Sarriana, Foz e Becerreá están nas catro prazas que disputarán os play off de ascenso ás galegas na categoría xuvenil. Vilalbés e Pontenova no norte e Residencia e Corgo no sur posiciónanse na cadete mentres na infantil as prazas están ocupadas por Lugo B, Burela, Polvorín e Piringalla.



REVESTIMIENTOS FONTAL

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO,
MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572

maderas grandas



MADERAS Y
DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

DE RUTA EN RUTA

Sarria: ruta polo Camiño de Santiago

Ademais de ser un camiño de peregrinaxe moi coñecido é un fermoso roteiro que disfrutan os sendeiristas

Unha das rutas de sendeirismo máis coñecidas de Sarria é a que vai polo Camiño Francés do Camiño de Santiago cara Portomarín e está moi ben sinalizada a través de diferentes sinais verticais que se poden atopar no percorrido.

Para comezar a ruta, hai que saír de Sarria a través da ponte Áspera, camiño de Barbadelo. De paso, pódese disfrutar dalgúns dos elementos máis interesantes da vila; pasando pola rúa Maior de Sarria, a igrexa Santa Mariña, a de Salvador, a torre da antiga muralla e o convento da Madanela. Tras abandonar o centro urbano, unha baixada moi pronunciada conduce ata a ponte da Áspera. Ao cruzar a ponte, séguese o traxecto da vía do tren durante un quilómetro, aproximadamente ata chegar a un cruzamento no que hai que subir a costa máis dura da ruta. Despois, hai un camiño chairro que leva ata Barbadelo, onde se pode visitar a súa igrexa de Santiago.

Esta parte da ruta é a que máis dificultade ten, por iso, a pesar de ser só pouco máis de 4 quilómetros, o percorrido dura aproximadamente

unha hora. Despois de pasar Barbadelo, continúaase a ruta cara a Rente a través dun camiño asfaltado. Así, pásase polo Mercado da Serra e despois o camiño pasa da estrada a un camiño con árbores e ao redor de arrosios, beiravías e vereas de pedra.

Nesta etapa da ruta poderase disfrutar dunha fonte decorada con Pelegrín, a mascota del Xacobeo 93 e máis adiante poderanse ver as portas o Muíño de Marzán, do ano 1920. E pouco despois haberá que cruzar a estrada LU-633 para pasar Leimán, cun mesón xunto ao Camiño.

Peruscallo é a seguinte parroquia pola que se pasa, na que predominan os hórreos, e xa se volve ao camiño por medio da natureza, a través de carballeiras e prados e percorrendo Lavandeira, Casais, A Brea e Morgade; chégase tras unha dura subida a Ferreiros, a primeira parroquia do Concello de Paradela. Este tramo do camiño é máis longo que o anterior, xa que ten unha lonxitude de 9 quilómetros, que se poden facer en menos de dúas horas debido a que a dificultade é baixa.

Este último tramo da ruta, que vai desde Ferreiros ata Portomarín, unha lonxitude de algo máis de 8 quilómetros, vai todo en descenso, polo que é ameno e rápido, faise en aproximadamente hora e media.

Así, tomando un desvío da estrada á entrada de Francos, séguese por un camiño pedregoso no que predominan as baixadas e se poden ver numerosas pequenas aldeas. No val vanse alternando prados con construcións típicas de teitos de lousa. Deixando atrás o camiño de

pedras, chégase a nunha estrada desde onde se pode ver o encoro de Belesar. Cruzando a ponte sobre o encoro, o camiño xa entra no pobo de Portomarín por unhas escaleiras que se atopan xusto fronte da es-

trada e que conducen ao centro do lugar. Ao chegar a alí xa se pode visitar o albergue, as igrexas de San Pedro e de San Nicolao, e a praza do Concello de Portomarín, unha de grande atractivo turístico.

Desta maneira, a ruta podería resumirse nun camiño entre carballeiras e prados ata Paradela e que logo descende cara ás ribeiras do Miño para cruzar a ponte que conduce á vila de Portomarín.



DATOS



4 h 30 min.



22 km.



Dificultade media-alta

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com